

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e oito de xullo de dous mil dezasete, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 11º da orde do día, e non regresou.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: <http://videoacta.depourense.es>

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2017.-

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de xuño de 2017, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 30 de xuño de 2017 é aprobada por unanimidade.

2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á REIVINDICACIÓN AO GOBERNO DO ESTADO DO COMITÉ DE AUTOESCOLAS DE OURENSE.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

“A folga de examinadores de tráfico está causando un retraso considerable na obtención do permiso de conducir aos alumnos de todo e Estado e no caso de Ourense afecta xa a uns 600, que non puideron examinarse neste mes e medio.

Esta situación impide que moitos alumnos reúnan os requisitos para determinadas oposicións ou postos de traballo, supoñéndolles un sobrecusto (desprazamentos, días de traballo perdidos, etcétera) económico e social para eles e o seu contorno.

No ámbito das pequenas empresas que formamos as autoescolas supón unha perda cerca do 60% da facturación, afectando directamente a máis de 200 familias que dependen deste sector.

De continuar a situación actual ou agravada, polo anuncio de folga indefinida en setembro polo colectivo de examinadores, obríganos a unha redución importante de administrativos, profesores e mesmo o peche de moitas autoescolas, e indirectamente a todo sector interrelacionado: talleres, gasolineras, concesionarios de vehículos, empresas de transporte que non poden cubrir as súas necesidades de persoal cualificado, etcétera.

Solicitamos:

Que o Pleno da Deputación inste ao Goberno do Estado para adoptar as medidas oportunas (acordo con examinadores, incorporación de máis persoal, etcétera) que rematen coa falta de exames para os nosos alumnos e nos permitan retomar a nosa actividade con normalidade”.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que o Pleno da Deputación inste ao Goberno do Estado para adoptar as medidas oportunas (acordo con examinadores, incorporación da máis persoal, etcétera) que rematen coa falta de exames para os alumnos e permitan retomar a actividade con normalidade.

3º.- PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO POR INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO NA LIQUIDACIÓN DE 2016.-

A Sra. interventora dá conta do contido do Plan económico.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, moitas grazas señor presidente, bos días a todas e a todos. Segundo se desprende do informe da proposta, o incremento da regra de gasto vén motivado porque o remanente de tesouraría utilizouse para sufragar gastos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

xerais. Dende logo, a súa xestión política e económica, dende o noso punto de vista, fai augas dende todas as partes, esta é tan só unha pequena mostra. Dende que vostede chegou á Presidencia, o aumento de subvencións nominativas medrou exponencialmente, no último exercicio preto de oito millóns de euros. Este xeito de repartir clientelamente os recursos públicos está, aínda que non solo, na base no incumprimento da regra de gasto; porque nin tan sequera son quen de respectar o que aproban. Vostede, que xa se consolidou como o campión da transparencia, agora parece que tamén quere selo da xestión económica. Na política non ten parangón. Moitas grazas. Nós, dende logo, votaremos en contra. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, moitas grazas señor presidente e bo día a todos e a todas. A verdade é que vendo e entendendo que este Plan económico-financeiro é algo obrigado pola propia normativa, das tres medidas que se desprenden, estando de acordo con elas -coas que se propoñen-; sen embargo imos imos votar que non porque, como xa dixo a persoa que me antecedeu no uso da palabra, reflexa un desorde na xestión económico-financeira e porque do propio informe da interventora despréndese que este incumprimento da regra de gasto vén provocado pola obriga a recoñecer financiados co remanente de tesouraría para gastos xerais; e tamén, porque sobre a regra de gasto – e poderíamos falar moito- xa chove sobre mollado e levamos pedido en numerosas ocasións aquí neste Pleno ou ben a retirada da mesma, ou ben a modificación dela. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular, grazas señor presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos están a seguir neste Plenario. Evidentemente estamos a falar dun tema complexo, *farragoso*; pero non por iso debemos deixar de falar do que nos ocupa. Dixo a señora interventora que era un pequeno desaxuste, algún xa o pretende magnificar. Señor Rodríguez Suárez, non lle vou a citar aquí os gobernos onde o seu partido está á fronte da responsabilidade, ¿a ver se queda algún que non aprobara este Plan económico financeiro?, será que tamén son tan malos como o presidente desta Deputación e o Grupo que o apoia.

Dito isto, como ben se explica na proposta da presidencia, con data 27 de xuño do ano preste emitíuse un informe pola interventora no que se conclúe que a liquidación do exercicio 2016 revela un incumprimento da regra de gasto cifrado en 605.000€. De conformidade co artigo 21 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria –tan criticada por uns e por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

outros-, ante esta situación procede aprobar un Plan económico financeiro que permita, neste ano e no seguinte, alcanzar o obxectivo da regra de gasto. O incumprimento da regra de gasto, como ben se apuntou aquí, dinos a señora interventora no seu informe, vén provocado polas obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais que se executan a partir das modificacións orzamentarias. Por este motivo, as medidas que propoñemos hoxe aquí e que xa foron ditaminadas favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, pois como digo, por este motivo as medidas que propoñemos para reconducir a situación son as que constan, precisamente, no informe da interventora, na proposta da Presidencia –á que me acabo de referir- e digo ditaminada favorablemente, como non podería ser doutro xeito, pola Comisión de Facenda.

E dito isto, quixera facer uns cantos apuntes ao fío de que se nos critica a xestión económica desta Deputación. Trátase este Plan económico financeiro dunha cuestión meramente técnica, non o esquezamos, e algo creo que quixo apuntar o señor Fraga Civeira, e que se reparará na primeira modificación de crédito do ano 2018 como consta na proposta da Presidencia. Quede claro, non suporá un contratempo importante para esta Deputación; tampouco suporá , ou terá, efectos destacables cara os cidadáns nin cara os concellos. Aprobamos este Plan, quede claro, para cumprir a legalidade, esteamos ou non coa mesma, pero sen incumprila como parece ser, señor Rodríguez Suárez, fan algúns que eu denomino *novos salvadores da patria*. E quero recordarlles o seguinte, estamos no mellor momento económico desta Deputación, no mellor momento económico, digan o que digan, xa sei que non lles gusta. Reducimos a débeda 100 puntos en cinco anos, estamos xa por debaixo do 20% e ao final deste exercicio roldaremos o 15%; en decembro de 2011, lémbrolles, estabamos no 116%. A día de hoxe queda vivo un só préstamo que data do ano 2004 e que rolda os 11 millóns de euros, por certo, nunhas condicións inmellorables, o Euribor -0,025; por iso calquera amortización resulta antieconómica. Seguimos na teima, iso quede claro, de que a débeda en maio do 19 será 0€, ese é o compromiso da Presidencia e do Grupo que o apoia e aínda así, señoras e señores deputados, levamos tres anos co remanente de tesouraría máis alta da historia desta Deputación, tamén o hai que dicir. Por iso, señor Rodríguez Suárez, menos pesimismo e máis realismo.

Xestión brillante deste presidente e do Grupo que o apoia, non podería ser doutro xeito que o apoiáramos nós e coa colaboración do persoal desta Casa asegúrolles que este Plan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

económico financeiro –repito unha vez máis- non suporá ningún contratempo importante nin para o Deputación, nin para os concellos, nin para cidadanía desta provincia. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, bueno, en principio aquí hay que cumplir la Ley, entonces si hay que amortizar, por muchas alternativas que quieras proponer, a cumplir la Ley no se le puede poner alternativas. Entonces señor Plácido explíqueme ahí que explicación tiene, o sea, si hay que amortizar, hay que amortizar, entonces si se comete un error, pues es un error. Sin embargo, yo quiero volver aquí a reiterar unas palabras, o rescatar unas palabras que ha dicho el señor Plácido que dice que estamos ante el remanente más alto de tesorería de la historia de esta Institución y lo dice como mérito otra vez; o sea, si cogen el manual de Goebbels, una mentira repetida para tener a la gente ahí. Vamos a ver, tener remanente significa que no se ha gastado el dinero ingresado; entonces ahí significa que no ha habido gestión ¿dónde está el mérito?, esto no es una empresa privada que tiene beneficios y tiene que acumular liquidez. Apple es la empresa con mayor liquidez del mundo, incluso dicen que no saben qué hacer con tanta liquidez; pero la Diputación lo que recauda es para gastar con los ciudadanos, si resulta que hay un remanente porque es dinero no gastado, en ningún caso es un mérito, es un demérito. Yo no entiendo a qué viene, como si la población fuera imbécil, entonces le voy a decir esto que los convenzo. Bueno, Democracia Orensana va a intentar que no engañen a nadie. Tener remante en ningún caso es un mérito, todo lo contrario, es un demérito. Significa que no están haciendo obras, o pagando servicios que puedan ser para la población. ¿qué sentido tiene cobrar impuestos si ustedes van a tener un remanente?, es decir, no se cobran impuestos para que las instituciones tengan remanente, deje el dinero en el bolsillo de los ciudadanos entonces. El destacar como un éxito tener remanente, diciendo el más alto de la historia, con lo cual significa que ustedes han hecho la peor gestión de la historia en ese apartado. Entonces, por favor, dejen de engañar a la gente, que no somos tontos.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, moitas grazas señor presidente. A verdade, señor Álvarez Dobaño, como técnico de Administración local habilitado nacional seguramente saiba o que di a Lei, que non se pode gastar máis alá e ata empregar a regra de gasto en gastos xerais, dio a propia interventora. Certo é que o di neste informe e certo é que a preguntas nosas na Comisión non llelo advertiu nas modificacións de crédito que trouxeron a Pleno. Pero fala vostede de xestión brillante, no da amortización da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

débeda non llo discuto; na propia medida, na terceira que se propón, fálase ou de seguir amortizando débeda como medida totalmente antieconómica na situación actual desta Institución; pero vémonos obrigados a elo, é certo que non é culpa súa, pola regulación da regra de gasto, da que nós levamos pedido reiteradamente que se suprima ou se mude. Polo tanto, permítame que discrepe no da xestión brillante, este propio Plan económico financeiro que traemos aquí desmínteo. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular, grazas señor presidente. Xa empecei dicindo que o tema é complexo e *farragoso*, entón non vou a colaborar a que sexa un pouco máis polo que escoito. Simplemente, señor Pérez Jácome, unha vez máis vostede entende isto como o entende, porque o entende así. A xestión brillante está aí, guste ou non guste. O de ter remanente de tesouraría non é porque nós incrementamos a imposición, esta Deputación non cobra impostos, non cobra impostos. Pero a boa xestión, señor Pérez Jácome, no é solo gastar ou non gastar; tamén é ingresar máis e se prevemos uns ingresos e se durante o exercicio o señor presidente e o seu Grupo teñen a habilidade de incrementar eses ingresos –mire vostede a liquidación- pois reconecerá que algún esforzo fixemos nós para ter máis ingresos. Polo tanto, remanente de tesouraría...Está un alcalde dicindo que non e el sabe que é así. A verdade que resulta complicado que vostede non me entenda, resulta complicado entender que vostede non me entenda; xa que non me entenda o señor Pérez Jácome douno por suposto, pero vostede non.

Repito, repito, a boa xestión é o resultado de ter un remanente de tesouraría importante ¿por que? ¿por non gastar? Dígao vostede, ¿ou por maiores ingresos? Explíquenos vostede cal é a razón pola que non é unha xestión brillante. ¿Gastamos pouco ou ingresamos moito?, bueno, esa é a súa opinión, a ver se ma demostra. Eu creo que non.

Logo din que damos subvencións nominativas a *diestro e siniestro* e non gastamos encima, pero ben parviños debemos de ser porque non gastamos. *Palo si remas, palo si no remas*, xa había tempo que non o dicía, pero teño que volver dicilo. *Palo si remas, palo si no remas*. A vostedes, se non vai ben a economía desta Deputación é que o facemos mal e se gastamos, entón, é que tamén derrochamos y no sé qué y no sé cuanto. Díganos vostedes como habería que facer, a verdade é que non creo que no lo digan.

Rematando, a xestión desta Deputación é brillante, salta á vista; os remanente son os que son e os expedientes de modificación de crédito –que por certo veñen a este Pleno- son

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

uns instrumentos que nos permite a Lei e que distribuímos onde o Grupo de goberno considera que o debe facer. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar un Plan económico financeiro por incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2016, integrado polas seguintes medidas:

PRIMEIRA. Os gastos superiores a 2.000,00 euros deberán ser tramitados coa correspondente proposta de gastos asinada polo xefe ou responsable da unidade xestora, que será fiscalizada, salvo aquelas que se refiran a custos propios de servizos reiterados, modificando así a base 29ª das de execución do orzamento.

SEGUNDA.- Co remanente de tesourería vense amortizando anticipadamente débeda cada ano. No exercicio 2016, do que estamos analizando o incumprimento, a amortización elevouse a 5.987.464,53 euros con cargo ao remanente de tesourería. Debido a que o capítulo 9 non inflúe na regra do gasto, unha medida de aforro forzosa será empregar o mesmo importe que este ano máis 605.226,69 euros, que é xusto o incumprimento da regra. Por suposto esta medida deixará de ter relevancia cando o capital vivo estea totalmente amortizado.

TERCEIRA.- Á parte da cantidade destinada a amortización de débeda, medida totalmente antieconómica na situación actual da institución, na modificación de crédito que se realice o 50% da contía non destinada a amortización, será destinada a investimentos financeiramente sostibles, que acreditarán os destinatarios beneficiarios.

2º.- Remitirle á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, da Xunta de Galicia, o presente plan, segundo o artigo 23 da Lei 2/2012.

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

O Sr. vicesecretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, simplemente para indicar que tanto neste punto, como no que vén, nós imos votar de xeito favorable, entendendo que son peticións dos concellos que lle piden unha axuda a esta Deputación. Nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Xinzo de Limia ten atribuídas en materia de recadación executiva dos seguintes ingresos de dereito público:

1º.- Recadación executiva das taxas recollidas no artigo 20.3, da Lei reguladora das facendas locais RD lexislativo 2/2004:

- Taxa establecida no artigo 20.3 D) Vertido e desaugue de canlóns e outras instalacións análogas en terreos de uso público local segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 16 da taxa polo desaugadoiro de tellados e outras estruturas análogas sobre terreos de uso publico.

- Taxa establecida no artigo 20.3 G) Ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, entullo, valados, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 13: Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, entullo, valados, guindastres, estadas e outros elementos.

- Taxa establecida no artigo 20.3 H) Entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, estacionamento de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, segundo a Ordenanza Fiscal n.º 20 Reguladora

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

da Taxa por pasos privativos de vehículos e por reservas de estacionamento exclusivo para carga e descarga de mercadorías.

- Taxa establecida no artigo 20.3 K) Tendidos, tubaxes e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas o calquera outro fluídos incluídos os postes para liñas, cables, roscas de ás, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, carrileiras, básculas, aparellos para venda automática e outros análogos que se establezan sobre vía pública e outros terreos de dominio público local ou voen sobre eles, segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 15, da taxa pola instalación de postes, cabos, escuadras, básculas, aparellos de venda automática e outros análogos sobre o subsolo, solo ou voo das vías públicas, a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 30, da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante ocupación con fins de lucro do chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con instalacións, redes e antenas, e a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 38, da taxa polo aproveitamento de especial de terreos de dominio público con caixeiros automáticos instalados na fachada de establecementos bancarios e con acceso directo dende a vía pública.

- Taxa establecida no artigo 20.3 L) Ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa segundo a Ordenanza fiscal Reguladora n.º 19, da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, tribunas, elementos auxiliares, e taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativos.

- Taxa establecida no artigo 20.3 N) Instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou lecer, situados en terreos de uso público local así como industrias rueiras e ambulantes e rodaxe cinematográfica segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 14, da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos de venda, barracas, espectáculos e outros análogos.

- Taxa establecida no artigo 20.3 S) Instalación de anuncios ocupando terreos de dominio público local segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 10, da taxa polo uso de columnas e outros bens do dominio público para fixar e exhibir anuncios.

2º.- Recadación executiva das taxas recollidas no artigo 20.4 da Lei reguladora das facendas locais RD lexislativo 2/2004:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

- Taxa establecida no artigo 20.4 A) Documentos que expidan ou de que entendan as administracións ou autoridades locais a instancia de parte segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 3 da taxa pola expedición de documentos.

- Taxa establecida no artigo 20.4 C) Outorgamento de licenzas ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de alugueiro segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 4, da taxa pola concesión de licencias de autotaxis e outros vehículos de servizo público.

- Taxa establecida no artigo 20.4 H) Outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización de actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia da licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa segundo a Ordenanza Fiscal reguladora n.º 5 da taxa pola concesión de licenzas urbanísticas.

- Taxa establecida no artigo 20.4 I) Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 6 da taxa pola licenza de apertura de locais de negocio.

- Taxa establecida no artigo 20.4 M) Servizos de sanidade preventiva, desinfectación, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo segundo a Ordenanza fiscal n.º 36 da taxa pola prestación do servizo de limpeza e desinfección de vehículos e medios de transporte de gando.

- Taxa establecida no artigo 20.4 Ñ) Asistencias e estancias en fogares e residencias de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análogo segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 45 do servizo de axuda no fogar.

- Taxa establecida no artigo 20.4 O) Casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros análogos segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 11 da taxa polo uso de recintos infraestruturas de carácter deportivo.

- Taxa establecida no artigo 20.4 P) Cemiterios locais, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 26 da taxa do servizo de cemiterios.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

- Taxa establecida no artigo 20.4 U) Servizo de matadoiro, lonxas e mercados, así como carrexo de carnes se houbera de utilizarse dun modo obrigatorio; e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 18 da taxa polo servizo do mercado de abastos.

- Taxa establecida no artigo 20.4 V) Ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 32 da taxa de funcionamento do conservatorio e da escola municipal de gaitas e outras actividades en establecementos municipais.

3º.- Recadación executiva dos gastos derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4º.- Recadación executiva das multas impostas de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

5º.- Recadación executiva do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora n.º 1: sobre construcións, instalacións e obras.

6º.- Recadación executiva de canons de concesións de dominio público de conformidade co disposto no artigo 80.7 do Regulamento de bens das entidades locais 1372/1986 e na Lei 33/2003 do patrimonio das administracións públicas, segundo o establecido nos respectivos convenios ou acordos concesionais.

7º.- Recadación executiva das Contribucións Especiais recollidas nos artigos 28 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de conformidade cos respectivos acordos de imposición e ordenación delas dos que se dará traslado á Deputación.

8º.- Recadación executiva das sancións que se puideran impoñer en virtude da Ordenanza n.º 29, especial da limpeza de terreos e soares e medidas preventivas contra incendios forestais, da Ordenanza n.º 31 reguladora da posesión de animais potencialmente perigosos e da taxa pola expedición de licenza para o efecto, da Ordenanza n.º 39 de boas prácticas veciñais e seguranza cidadá do Concello de Xinzo de Limia, da Ordenanza n.º 41,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

reguladora da instalación de terrazas en espazo público ou calquera outras das ordenanzas polas que o Concello de Xinzo de Limia exerza a potestade sancionadora, segundo o establecido no Título XI da Lei de bases de réxime local, ou calquera outra lexislación aplicable.

Todo isto ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito Concello do día 24 de maio de 2017. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE LAROUCO EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA.

O Sr. vicesecretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, grazas señor presidente. Do mesmo xeito que o portavoz do PSOE explicou antes a súa razón de voto, pois nós dicir que nos absteremos tanto no punto anterior, como neste; porque non temos representación na corporación municipal deses concellos entón non podemos avaliar ata que punto estas decisións son axeitadas ou non. Esperamos que nas próximas eleccións municipais este defecto corríxase e teñamos, tanto en Larouco como en Xinzo, así como noutros concellos, a representación que estimo nos merecemos. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Larouco ten atribuídas en materia de recadación executiva dos gastos derivados de execucións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

forzosas dos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todo isto ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito Concello do día 24 de maio de 2017. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

6º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POR PARTE DE DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ACEITE DE ORIXE DOMÉSTICA.-

O Sr. vicesecretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, nós imos a votar a favor deste Convenio, entendendo que se melloran as condicións de recollida de lixo, do aceite doméstico, perdón, en canto á súa limpeza. E entendemos, tamén, que a prestación vai a ser de xeito gratuíto para os concellos que se adhiran.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular, moi bo día a todas e a todos. Señor presidente, moitas grazas. Eu vou a dar unha serie de notas porque na Comisión Informativa do outro día parece ser que houbo un pequeno mal entendido, entón imos a aclarar. É unha cousa breve.

Este contrato adxudicouse en 4.699 € ao ano, por un total de 18.799 máis IVE nos anos de duración do contrato. Dikir que este servizo foi deficitario cando o estivemos prestando anteriormente, sobre uns 7.700 € ao ano. Este contrato inclúe: contenerización, recollida, limpeza, información e trazabilidade so residuo e campañas de sensibilización. A contenerización xa lle pon aí nas bases que vai a ser un contedor por concello e un por fracción de 500 habitantes no resto dos concellos. Neste servizo van incluídos os 91 concellos da provincia, excepto a cidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

O tipo de xestión, que era o que preguntaban o outro día, é unha xestión directa pero con contrato de servizos que inclúe o falado anteriormente; é dicir, a Deputación non vai a recoller este tipo de residuos cos seus camións ou co seu persoal, isto vaino face a empresa que gañou a adxudicación. Nós faremos o seguimento do control, de que se faga ben ese servizo. Os que teñen delegada a recollida na Deputación xa non teñen que facer a adhesión e os outros concellos si a terán que facer unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia.

O planning para dicirilles, mera nota informativa, que nos 50 concellos que teñen a recollida na Deputación poranse 180 contedores; que serán 40 do 28 de agosto ao 11 de setembro e os restantes, do 11 de setembro ao 29 de setembro. Os outros concellos adheriranse máis tarde. Dicir que vamos a intentar chegar a máis concellos que a anterior vez que foron 81. Todo isto é unha demanda social e tamén de todos os Grupos aquí presentes, que se nos demandou este servizo e unha vez máis cumprimos o que se nos demanda e vai a ser unha realidade. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación por parte de Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de aceite de orixe doméstica, conforme coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de aceite de orixe doméstica, establecendo o réxime xurídico desta fórmula de cooperación.

Segunda.- Delegación de competencias relativas ao servizo de recollida de aceite de orixe doméstica. Ámbito funcional, material e territorial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

1º.- En virtude do presente convenio, os concellos que se adhiran delegarán na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de aceite de orixe doméstico.

2º.- A delegación de competencias establecida neste convenio comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación, de ser o caso, da correspondente ordenanza reguladora.
- b) A xestión do servizo de forma directa coa colaboración dunha empresa especializada mediante un contrato de servizo.
- c) A instalación de colectores aptos para o depósito directo de botellas e envases de ata dous litros de aceite usado de orixe doméstica ou asimilado na vía pública no lugar previamente concertado con cada concello:
 - a. Un colector en todos os concellos adheridos
 - b. Outro colector máis por cada mil habitantes ou fracción maior de cincocentos habitantes para os concellos de máis de mil habitantes ata vinte mil habitantes.

Para estes efectos considerárase como aceite usado de orixe doméstica os así definidos no artigo 3.b) da *Lei 22/2011, de 18 de xullo de residuos e solos contaminados* e como asimilado os xerados en servizos e industrias.

- d) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, a recollida e transporte do contido dos colectores así como a súa limpeza, conservación e mantemento integral e o seu destino para a elaboración de biocombustible homologado ou outros produtos mediante a entrega a un valorizador autorizado.
- e) A realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garantir a prestación normal, regular e continuada do servizo.
- f) A contratación de prestacións accesorias ao servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnicas ou servizos necesarios para a súa xestión.
- g) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

exercicio das competencias delegadas.

A Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos recollidos nos colectores nos termos previstos na vixente lexislación de residuos sólidos urbanos, e subscribirá os oportunos contratos de servizo así como os convenios que procedan coas entidades ou empresas valorizadoras coas que sexa procedente para a entrega do residuo. Igualmente, poderá solicitar e percibir as subvencións destinadas a este tipo de recollida que conceda a Xunta de Galicia ou calquera outra entidade pública ou privada.

3º.- O servizo intermunicipal terá como ámbito territorial o dos concellos adheridos a este convenio. Poderán adherirse todos aqueles concellos da provincia de Ourense de menos de vinte mil habitantes que non estean incorporados ao Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a xestión, en réxime de competencia delegada e de xeito intermunicipal da recollida de residuos sólidos urbanos e desexen delegar na Deputación Provincial, unicamente, o servizo de recollida de aceites de orixe doméstica e non a xestión integral de residuos municipais.

Terceira.- Procedemento de adhesión ao convenio.

Para a adhesión ao convenio, as entidades locais interesadas remitiranlle á Deputación Provincial de Ourense o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente, de acordo co modelo establecido no anexo deste convenio. A adhesión ao convenio será eficaz:

- a) Se a entrada do documento de adhesión no Rexistro Xeral da Deputación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o primeiro día hábil do mes seguinte.
- b) Se a entrada do documento de adhesión no Rexistro Xeral da Deputación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, o 15 día hábil do mes seguinte.

Cuarta.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de aceites de orixe doméstica.

1º.- A delegación do exercicio das competencias relativas ao servizo de recollida de aceites de orixe doméstica non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser do concello. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha participación cualificada do concello

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

delegante na toma das decisións fundamentais relativas ao servizo, así como un axeitado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial.

O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá informe favorable da Comisión de Seguimento con acordo da maioría absoluta dos concellos, acordada polo órgano municipal competente por razón da materia, nos casos de aprobación da ordenanza reguladora do servizo ou das súas modificacións.

No suposto de que a proposta da Deputación Provincial de Ourense non obtivese a aprobación, a Comisión de Seguimento estudará unha proposta alternativa ou a ratificación da proposta inicial, no prazo máximo dun mes. No caso de que se rexeite esta nova proposta procederase á extinción automática do convenio para ese concello que será acordada pola Presidencia de Deputación.

2º.- O exercicio das competencias delegadas poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á comisión de seguimento, vixilancia e control.

3º.- A Comisión de Seguimento, vixilancia e control, por unanimidade, poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

4º.- O concello poderá obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de quince días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á comisión de seguimento vixilancia e control sobre a marcha do servizo.

Quinta.- Réxime económico do servizo delegado.

1º.- Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custos do servizo todos os custos directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro, a amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garantir o mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

2º.- O servizo delegado financiarase con cargo á cooperación e asistencia económica cos concellos, correspondéndolle á Deputación Provincial de Ourense o resultado dos fluxos económicos da xestión do servizo.

3º.- A adhesión dos concellos a este convenio non suporá custo ningún para eles.

Sexta.- Comisión de seguimento, vixilancia e control.

1º.- Establécese unha comisión de seguimento, control e vixilancia paritaria do convenio, que estará integrada polo deputado – delegado de cooperación e os representantes dos concellos adheridos designados polos respectivos alcaldes.

A comisión estará asistida polo director da Área de Medio Ambiente e o xefe da sección correspondente, con voz pero sen voto.

Os representantes dos concellos poderán asistir ás sesións acompañados de membros do goberno municipal ou técnicos asesores.

Actuará como secretaria da comisión a asesora xurídica da Área de Medio Ambiente, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado.

A comisión de seguimento reunirse a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo polos concellos, conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

2º.- Son funcións da comisión de seguimento, vixilancia e control as seguintes:

a.- Ser informada do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.

b.- Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.

c.- Coñecer as propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ao resto de entidades asinantes.

d.- Informar os supostos de resolución do convenio.

3º.- A Comisión de seguimento, vixilancia e control adoptará os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento, vixilancia e control rexerá polas normas de funcionamento de órganos colexiados

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

recollidas na sección 3ª do capítulo II do Título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sétima.- Réxime xurídico

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Causas de resolución do convenio.-

1º.- Serán causas de resolución do convenio, ademais das previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as seguintes:

a.- Por decisión unilateral da Deputación.

b.- Por decisión unilateral dos concellos adheridos, adoptada en calquera momento e sen necesidade de alegación de causa xustificativa, comunicándollo á Deputación cun prazo mínimo de tres meses de antelación á súa data de efectividade.

c.- Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ao remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte entenderase referida sempre ao 1 de xaneiro do exercicio seguinte.

d.- Pola causa prevista na cláusula 4.1 de convenio.

Para a aplicación desta cláusula seguirase o procedemento establecido no artigo 51.2.c) da Lei de réxime xurídico do sector público.

2º.- Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, trala audiencia das demais partes, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de ser o caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

Novena.- Duración do convenio.

O presente convenio terá a vixencia de catro anos cabendo a súa prórroga de acordo co establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**ANEXO MODELO DA PARTE DISPOSITIVA DA RESOLUCIÓN OU ACORDO
DE ADHESIÓN AO CONVENIO COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A**

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

**PRESTACIÓN POR PARTE DE DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE
COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO
SERVIZO DE RECOLLIDA DE ACEITE DE ORIXE DOMÉSTICA**

1. Aprobar a adhesión do Concello de /Mancomunidade de /Consortio de / Entidade Local Menor de ao Convenio cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación por parte de deputación provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de aceite de orixe doméstica, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

2º.- Remitirilles o dito convenio ás entidades locais da provincia para os efectos de que procedan á súa adhesión e ordenar a súa publicación no BOP para xeral coñecemento.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA RETIRADA DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA AO DITADOR FRANCISCO FRANCO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista, para que expoñan o contido da moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, moitas grazas señor presidente.

Hai exactamente 60 anos, en xullo do 1957, tal como recolle a acta da sesión do Pleno ordinario desta Institución do 26 de xullo, foille imposta e outorgada a primeira medalla de ouro da provincia ao ditador e Xefe do Estado, naquel intre, o Xeneral Francisco Franco con motivo da súa visita á provincia para inaugurar a liña ferroviaria Puebla de Sanabria-O Carballiño; casualidades, 60 anos despois estamos coa liña de ferrocarril polo medio. Naquel momento foi recibido, el e mais a súa dona, neste pazo provincial por as máximas autoridades políticas, militares e eclesiásticas de Zamora e Ourense; así coma varias do Estados coas maiores honras e pompa, ao estilo da época. Non se nos pode escapar que, naquel intre, debido á imposición dun réxime ditatorial, despois do golpe de Estado do 36, era obrigatorio para os veciños e veciñas de Ourense dirixir as súas loas ao ditador. A liberdade era unha verba mal soante e o exercicio da mesma estaba castigado ao longo desa *longa noite de pedra*.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

No contexto actual e en virtude do cumprimento que se lle debe á Lei 52/2007 de 26 de decembro, en vixencia pero sen orzar, pola que se recoñecen e amplían os dereitos e se establecen as medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, máis coñecida, popularmente esa Lei, como a Lei da memoria histórica. A nosa Deputación, esta Institución, debe facer un esforzo unánime para amosar apoio á iniciativas que sirvan para dar conta e responder ás demandas dos cidadáns que, de xeito lexítimo e xusto, reclamaron ao Estado que, no marco da Constitución, se repare e se honre a todos os que padeceron inxustamente os agravios dun réxime ditatorial e a persecución por parte dos que defenderon ideas totalitarias. Máxime, se temos en conta que esta Deputación é a única de Galicia que aínda non lle retirou as honras ao ditador, co menoscabo que iso supón para as vítimas e represaliados desta provincia. A existencia dunha demanda social a prol da reparación histórica vese reflectida en feitos tales como o servizo de identificación, localización e análise de fondos documentais existentes sobre a represión da provincia de Ourense que esta Institución ten habilitado en colaboración co Obradoiro de Historia Contemporánea da Universidade de Vigo. Pois ben, a pesar destes antecedentes, atopámonos coa evidencia de que foi a primeira medalla de ouro da provincia e vai a ser a última en ser retirada.

Aceptando o feito de que a represión foi especialmente cruenta nos anos da guerra e se materializou, no noso país, mediante o asasinato de máis de 5.000 persoas e noutra múltiples formas de violencia física, psicolóxica, laboral, económica, social, etc.; non foi menor a imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación, e dos valores franquistas que afectaron á sociedade durante 40 anos. Por todo isto, dende este Grupo provincial do Partido Socialista, consideramos que os tempos son chegados e apelamos ao espírito de conciliación e consenso, así como á defensa a ultranza da democracia de do Estado de Dereito por parte desta Corporación. O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e a rehabilitación das persoas perseguidas polo fascismo, son dereitos humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e as súas familias. As institucións públicas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de persoas ao longo dese período. Non hai mellor maneira de amosar ese compromiso de xeito público que retirar o meirande recoñecemento que se pode outorgar desde esta Institución ao máximo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

responsable da ditadura.

Polo exposto, presentamos as seguintes propostas de acordo:

1. *Retirar de xeito inmediato, en cumprimento do artigo 15.1. da Lei 52/2007 de 26 de decembro, a medalla de ouro outorgada ao ditador Francisco Franco en xullo de 1957, así como todas as horas dedicadas á súa persoa.*
2. *Facer constar a referida retirada na acta da sesión ordinaria así como no Regulamento de honras e distincións desta Deputación.*
3. *Engadir un encarte na acta do Pleno do 26 de xullo de 1957 nos que se faga constar esta moción e a consecuente retirada de honras para que dita circunstancia quede claramente explicada ás xeracións vindeiras.*

Este é o contido da moción e como xa foi ditaminada na Comisión correspondente e aprobada por unanimidade, agradecerlle o seu voto nesa Comisión. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, moitas grazas señor presidente. Efectivamente, nós xa votamos na Comisión a favor da moción e dos acordos; en todo caso non quero deixar pasar a ocasión sen dicir algunhas cousas ao respecto.

O primeiro Congreso da memoria da represión franquista en Galicia, celebrado en Narón en decembro de 2003, aprobou entre outras as seguintes conclusións: dirixirse á FEGAMP e ás Deputacións para que estimulen, no conxunto dos concellos galegos, a recuperación da memoria histórica democrática para saldar a débeda coas vítimas do franquismo e con todos os homes e mulleres que mantiveron en condicións extremadamente adversas a bandeira da liberdade e da democracia.

A Lei 52/2007 de 26 de decembro pola que se recoñecen e se amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil ou a ditadura –coñecida popularmente como a Lei de memoria histórica- inclúe o recoñecemento de todas as vítimas da guerra civil e a posterior ditadura franquista; pero non a apertura das fosas comúns nas que aínda xacen os restos de represaliados polos golpistas. No Estado español, na Galiza, aínda hai actos de exaltación da ditadura, os cales se producen con total impunidade. En Alemaña a apoloxía do nazismo está tipificado no código penal como delito; por exemplo, a lexislación deste país contempla a imposición de multas e ata penas de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

prisión por aprobar, negar ou minimizar en público ou en privado os actos perpetrados durante a ditadura nazi. No Estado español, onde a Fundación Francisco Franco recibía ata hay pouco diñeiro público e os restos do ditador descansan nun santuario como o val dos caídos, as cousas funcionan dun xeito algo distinto.

A Lei da memoria histórica do goberno Zapatero, contra a cal fixo unha campaña tan dura como intensa a dereita española, non contempla a apoloxía do franquismo, aínda que si contempla que as autoridades tomaran as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativos da exaltación, individual ou colectiva, da sublevación militar, da guerra civil e da represión da ditadura. Do mesmo xeito, no artigo 16 da citada Lei, dedicado ao Val dos Caídos, di que en ningún lugar do recinto poderán levarse a cabo actos de natureza política, nin exaltadores, da guerra civil, dos seus protagonistas ou do franquismo. Non en tanto, cada 20 de novembro un grupo de nostálgicos falanxistas peregrina ata o santuario para conmemorar a morte do ditador e do fundador da falanxe, en nome dos cales celébrase aquel día unha misa especial. Hai outros nostálgicos que non peregrinan alí, pero non teñen reparos en ofrecer misas polo eterno descanso do xenocida.

En outubro de 2013, o Grupo parlamentario Convergència i Unió presentou unha moción que instaba ao Goberno a incorporar ao Código Penal a tipificación das condutas que indiquen apoloxía ou enaltecedo do franquismo. O texto foi consensuado co Partido Socialista, Esquerda Plural, UPyD e UPN; pero a maioría absolutísima do Partido Popular entón foi suficiente para tumbar a moción na votación no Congreso dos Deputados: 130 votos a favor, 183 en contra, 8 abstencións. Sen dúbida, acto de exaltación do franquismo como o que se vive cada ano en Beade, non esquezamos un alcalde do seu partido, señor presidente, ou como o vivido no funeral de Utrera Molina, teñen que ser sancionados de xeito inmediato. Neste último episodio lamentable en ningún momento se procedeu a identificar as persoas que cantaba o *Cara el sol* e moito menos a sancionar ou condenar, cousa que si se fai con outros colectivos e persoas pola publicación de tweets, por letras de cancións, etc.. e descoñecemos se a Fiscalía está investigando o acontecido. Non esquezamos que a Lei da memoria histórica fala tamén da conmemoración da guerra civil e da ditadura na vía pública, como xa dixen anteriormente. Porque a apoloxía do franquismo non é delito como tal porque non hai vontade política de perseguilo por parte do Goberno español que é o máis próximo á ideoloxía dos elementos que cantaron o *Cara el sol* no enterro que dixen antes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

O BNG, ademais de mocións nos Concellos e Deputacións -hai máis de 15 anos presentamos aquí unha pedindo a retirada de simboloxía franquista-, vén de presentar hai poucos meses unha iniciativa para o goberno galego desenvolver unha política pública sobre a memoria histórica, visando a reparación das vítimas da ditadura. A medio desta iniciativa, o BNG propón crear unha Comisión da verdade, instituír un arquivo histórico da memoria de Galicia e declarar a Illa de San Simón como a Illa da memoria. A Lei galega debería mellorar a Lei española de 2007, texto legal que resulta insuficiente nesta iniciativa. O BNG demandaba que se dera tratamento as vítimas e a todos aqueles que o foron durante o período 36-1977 e non exclusivamente durante a guerra ou a posguerra. Tamén demandabamos que a Xunta recupere o proxecto interuniversitario *Nomes e Voces* impulsado durante o bipartito e desmantelado por Feijóo á súa chegada á Xunta. *Nomes e Voces* recolle dentro de arredor de 6.000 persoas que foron vítimas de violencia fascista, represaliados ou fusilados durante o período 1936-1939; cifra que cumpriría elevar se temos en conta as agresións infrinxidas especialmente as mulleres en forma de violación e torturas. Os fondos de *Nomes e Voces* áchanse nun almacenados nun almacén en Compostela, sen que as investigadoras e os investigadores poidan acceder a eles. Debería ser o embrión do futuro arquivo da memoria histórica da Galiza. O BNG a través desta iniciativa que pide a derogación da Lei de amnistía de 1977, que frecuentemente se pon como pretexto para non investigar os crimes contra a humanidade da ditadura, que se tipifique como delito a exaltación do franquismo e a ilegalización da Fundación Francisco Franco cuxa sola existencia resulta intolerable.

En definitiva, que nos parece un paso adiante positivo por parte ao que atinxe a esta Casa, pero en todo caso insuficiente e nós intentaremos que se dean máis pasos na liña do que acabo de explicar e na liña na que se formula noutros Parlamentos. Nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, ola, bos días de novo. Nós votaremos a favor desta proposta, xa fixemos o mesmo nunha moción similar que se formulou no Concello, alí tamén había unha medalla que se lle retirou.

Facéndonos eco do que dicía o portavoz do PSOE, dicía: *os tempos son chegados*, que ademais teñen unha expresión *zeitgeist*, o espírito do tempo. Naqueles momentos esta Institución deulle esa medalla, nese ano, nesas circunstancias históricas; non sei cantos de nós votariamos en contra naquel momento se estivésemos alí. Hoxe, os tempos son distintos, os valores son distintos, a sociedade é distinta; entón o que toca é retirar esa medalla. Véñense a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

memoria aquela frase que dixo o Santo Job no antigo Testamento que dicía: *Deus deumo, Deus quitoumo*; pois aquí hoxe facemos o mesmo: a Deputación deullo, a Deputación quítallo. E nada máis, votaremos a favor. grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular, moitas grazas señor presidente. Sen ánimo de entrar en demasiadas consideracións e moito menos nas dúas, tres mocións que nos podía presentar, ou nos presentou, así paralelamente o señor Rodríguez Suárez; anúnciolles que o noso Grupo, tal e como deixamos constancia en Comisión, vai apoiar, como non podería ser doutro xeito, esta moción. Trátase, nin máis nin menos, que de dar cumprimento ao artigo 15 da Lei de memoria histórica, que se citou aquí, que obriga ás Administracións públicas a exercer medidas oportunas *para*, leo textualmente, *a retirada de mencións, da exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil y da represión da Ditadura*. Con todo, quixera destacar que calquera recoñecemento, ou distinción, ao ditador e ao franquismo están completamente borrados nesta Deputación, completamente borrados; é máis, teñamos memoria histórica, dende o mesmo momento no que os ourensáns –como galegos e como españois tamén- acudimos ás urnas a votar en democracia e dixemos si á nosa Constitución.

Para rematar quixera dicir o seguinte, o PP, quede claro, quede claro señor Rodríguez Suárez, o PP está en contra da ditadura franquista; pero tamén rexeita, cousa que outros non fan, calquera outra forma de goberno ou de imposición ao cidadán onde non haxa plena liberdade de expresión e de pensamento e onde a vida das persoas corra, ou estea correndo perigo. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, moitas grazas señor presidente. Simplemente para agradecerlle o apoio desta moción, o sentido do voto aos tres e pedirilles un favor aos deputados e a vostede mesmo como presidente; é dicir, tendo en conta que, no seu momento, o ditador pronunciou aquí unhas palabras nas que, entre outras cousas, abominaba da política e nos chamaba *politocastros* e *logreros*, que iso é o de menos, porque o peor foron os paseados, os asasinados, en fin, os represaliados; e como naquel momento aquí dixéronse palabras eu pediríalles que gardamos un minuto de silencio, xustamente ao contrario do que fixo aquí o ditador, en memoria de todas esas vítimas que padeceron a ditadura e a Guerra Civil. Simplemente é o que lles pido en recoñecemento e en agradecemento de todas esas vítimas. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Retirar de xeito inmediato, para cumprir co artigo 15.1. da Lei 52/2007, do 26 de decembro, a medalla de ouro outorgada ao ditador Francisco Franco en xullo de 1957, así como todas as honras dedicadas á súa persoa.

2º.- Facer constar a referida retirada na acta da sesión ordinaria así como no Regulamento de honras e distincións desta Deputación.

3º.- Engadir un encarte na acta do pleno do 26 de xullo de 1957 no que se faga constar esta moción e a consecuente retirada de honras para que a dita circunstancia quede claramente explicada ás xeracións vindeiras.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE OS DANOS CAUSADOS POLO PEDRAZO NA COMARCA DA LIMIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

D. José Antonio Feijoo Alonso, do Grupo Popular, grazas presidente, bos días compañeiros e compañeiras deputadas e ao público en xeral que nos acompaña. Como é coñecido de todos e terán, non dubido, no seu poder a copia correspondente da moción; polo cal paso a exporlles xa directamente o contido da nosa proposta e o fundamento da mesma. Intentarei facelo manifestándolles que esta pequena catástrofe, ou grande catástrofe, para os locais –digo pequena pola súa extensión- que afortunadamente como saben concentrouse, segundo este círculo roxo que lles podoo mostrar, nos concellos de Sandiás, Xunqueira e Vilar de Barrio. Concretamente de Xunqueira: Bustelo, Casasuá, Vilariño, Busteliño e Sobradelo; e no concello de Vilar de Barrio: Vilar de Gomareite; en Sandiás: Lavandeira, Zarragós, a Corga que creo que son zonas que vostedes coñecen e son dun nivel agrícola de moita consideración dentro do noso ámbito provincial e autonómico; eu diría que incluso nacional.

A afección que tivo esta circunstancia atmosférica lamentable, a do pedrazo, que sucedeu o día 6 como coñecen, xoves días 6 de xullo, afectou en torno a unhas 650-700

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

hectáreas de cereais, sobre 250-300 de patacas, unhas 20 hectáreas aproximadamente de chícharo -os guisantes-, en torno a 1 hectárea de hortalizas e 4 ou 5 de millo. Tamén afectou a un número importante de agricultores que, censados neste momento, recollidos datos os cales están case rematando, están en torno aos 55-60 propietarios afectados. Para facernos un pouca idea da situación actual, gustaríame pórilles en evidencia algúns datos, algunhas cifras que son, na miña opinión, significativas. En torno a uns 4.500-5.000 quilos vén producindo nesta zona agrícola cada hectárea de cereais. Nalgún caso, porque é desigual a superficie afectada, poden chegar a uns 500 quilos solo por hectárea a produción actual despois desta catástrofe; o que quere dicir que aínda por riba de non producir beneficios, vaille ocasionar un prexuízo importante. Unha cuestión na que me entenderán perfectamente, a malla, a recolleita que vén sendo na Limia, como seguramente coñecen, en torno a uns 20 minutos por hectárea o que é a malla, a recolleita do gran; neste caso vai facer falta máis dunha hora para poder facer esa recolleita dado que está todo pegado ao chan. Pero como din que unha imaxe vale máis ca mil palabras, eu tiña aquí unhas fotos onde se pode ver que os cereais véñense totalmente aplastados e, agora mesmo, o que chaman os paisanos a ferralla está saíndo, polo medio, para arriba o cal lle vaia a dificultar moitísimo a recolección.

Tamén quixera falar da pataca, de momento comentáballe o dos cereais, a pataca está afectada nunhas proporcións un pouco inferiores en canto á superficie, calcúlase que poden ser 250-300 hectáreas. A pataca tamén tamén vai baixar, o que é a produción, en torno –no mellor dos casos- dun 30% que é o que calculan algúns técnicos e os paisanos a nivel xeral. Esa produción, que debería ser en torno aos 10-15 millóns de quilos de patacas vaise ver reducida, seguramente, na metade aproximadamente. Pero aínda hai unha cousa adicional, respecto á pataca, e é que a calidade seguramente tamén se vai a ver afectada; neste caso concreto hai algunha especie de pataca como é *agria*, que coñecerán, que pode sufrir unha alteración, segundo os técnicos, chamada *corazón de oco* que vai ocasionar seguramente que a pataca está por dentro deste xeito: oca, podre, hueca. As ramas da mesma, tamén seguindo co das fotos, pódese apreciar é impresionante, están todas aplastadas, todas un pouco destrozadas e vai ocasionar, como estou dicindo, uns importantes prexuízos ao respecto.

Este Grupo de Goberno, como non podería ser de outra forma, preocupouse

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

inmediatamente destas circunstancias e, dende o primeiro momento, puxémonos a disposición dos agricultores. O noso presidente estivo, segundo eles manifestan e me manifestaron, a disposición de todo o apoio que el lle puidera brindar naquel momento, recibíndoos a eles, a os alcaldes e facéndolles xestións incluso a nivel de Goberno galego. Non é suficiente, tampouco sabemos en realidade o alcance total, estase niso. Dikir tamén que, aparte das patacas e dos cereais, tamén hai afectados –e dígollo en plan ilustrativo se alguén non coñece o potencial extraordinario da Limia- unhas 20 hectáreas de chícharos que se cultivan aí e ver superficies sementadas de varias hectáreas a verdade é que causa unha agradable sensación porque non é frecuente na nosa estimada Galicia ver unhas superficies desas dimensións de produto de horta. Tamén hai afectados repolos, millo -4 ou 5 hectáreas-; o do repolo tamén se pode ver, nunha foto que lles podo mostrar, como están claramente afectados.

Eu penso que o que acabo de dicirles será da súa sensibilidade e coincidirán con nós, coincidirán comigo, en que deberíamos achegarlle a esta xente o apoio que podamos, ou que sexa razoable facer, e o que permitan as normativas vixentes. As perdas son importantes e eu pídolles a súa sensibilidade para que apoiem esta iniciativa nosa de afondar no estudo, de chegara a conclusións, de avaliar todos os efectos para que poidamos pensar nas medidas. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, moitas grazas señor presidente. Como xa se explicou aquí ben polo miúdo, o cal agradecemos, de novo o 6 de xullo unhas fortes treboadas de sarabia arrasaron co traballo de toda una campaña para moitas explotacións agrarias e familias labregas galegas, neste caso dos concellos de Sandiás, Lobeira, Xunqueira de Ambía e Vilar de Barrio. O 7 de xullo, un Pleno extraordinario no Concello de Xunqueira solicitaba, por unanimidade, a declaración de zona de emerxencia para o municipio; e non é para menos xa que a agricultura e a gandaría constitúen o principal motor económico desta zoa eminentemente rural con grandes extensións de cultivos como: trigo, cebada, pataca, etc..

Dende o BNG solidarizámonos cos labregos e coas labregas afectadas e esixímoslle da Consellería de Medio Rural que non siga coa actitude de mirar cara outro lado diante de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

sucesos catastróficos que afectan de cheo á agricultura como este que hoxe temos entre mans; ou como as xeadas e sarabias que arrasaron viñedos e soutos en zoas como o Ribeiro, Ribeira Sacra ou Valdeorras. Non se trata dunha demanda indefinida, senón que hai unha serie de tarefas que o departamento que dirixe Ángeles Vázquez debería executar con carácter de urxencia, que xa foron demandadas hai un mes no sector do viño e que son perfectamente aplicables, tamén, no caso de Sandiás, Xunqueira de Ambía e Vilar de Barrio. Son dende o noso punto de vista as seguintes:

- Facer unha avaliación e cuantificación precisa dos danos provocados pola sarabia nos cultivos agrarios e gandeiros e informar de maneira aberta e transparente ao respecto.
- Determinar que porcentaxe de cultivos arrasados non está cuberto por seguros agrarios e crear unha liña de axudas directas para garantir a liquidez das persoas afectadas e compensar as perdas.
- Crear unha liña de créditos sen custes de tramitación e con xuros 0 para garantir a liquidez das explotacións afectadas e negociación de moratorias nos créditos xa subscritos con entidades bancarias
- Se fose necesario, condonación das cotas á seguridade social como mínimo durante seis meses e rebaixa no IRPF para os labregos e labregas afectadas.

Mais, a medio prazo, episodios como este que, por desgraza, constitúen unha *suma e segue* na actual campaña agrícola en Galicia, deberían obrigar á Consellería de Medio Rural a renegociar coas compañías aseguradoras as liñas de seguros agrarios para que exista unha oferta de polizas adaptadas ás necesidades reais e ás nosas producións e para que, nun futuro, os nosos labregos e as nosas labregas teñan unhas coberturas necesarias para afrontar adversidades como a acontecida na Limia estes días. Nós, dende logo, votaremos a favor da iniciativa. Nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, grazas. Nós tamén votaremos a favor. Agradecerlle ao portavoz do Partido Popular a exposición interesante que fixo dos danos; xa os coñecíamos pola prensa e polos testemuños da xente de por alí. Creo que un dos pobos que nomeou xa pertence á Baños de Molgas, Vilariño se non me equivoco está xa en Baños de Molgas, o cal quere dicir que son máis concellos que Sandiás, Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía, bueno é o de menos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

Tamén estimamos que aínda que os puntos da moción ímolos apoiar na súa totalidade, dalgunha maneira, tal e como dicía o portavoz do BNG, estimamos que ao mellor sería que esta clase de cousas, en vez de atacarse de xeito puntual ou de xeito continxente, conxuntural, cada vez que sucede, pois que houbera algún tipo xa de medidas estruturais, algunha maneira de que estiveran xa previstas estas posibilidades porque xa sabemos que non é moi frecuente esta clase de cousas, como tampouco é moi frecuente a *xeada negra* da que falamos hai dous ou tres meses, que tamén afectou a zonas moito máis amplas da provincia naquel caso. Esta clase de cousas como solen pasar, aínda que son raras, pero pasan, hai unha probabilidade definida de que iso suceda; en vez de atacala como quen vai apagando lumes cada vez que suceden, o mellor sería que xa dende a propia Consellería correspondente se lle tivera en conta esa possibilidade e esas axudas que agora estamos estudado que estivesen xa dalgunha maneira previstas e que estivese unha cantidade de diñeiro reservada para cando suceda, o que é o equivalente do remanente de tesouraría que di o señor Plácido. Aí, nese caso, si que un remanente para facer fronte de xeito urxente de xeito rápido a estas cousas que acabaran pasando antes ou despois, o *cisne negro* que lle chama algún autor por aí adiante. Estas cousas que acabaran pasando e que cando pasan despois...como as inundacións e todo iso. Pois nós, sinxelamente que a cousa vaia moito máis alá destes estudos e de requirir á Xunta de Galicia *si tiene a bien, si así se considera*....no, aínda que vamos a votar a favor desta moción, tamén instaríamos ao Partido Popular a que as cousas se programasen doutro xeito e que estas axudas estivesen xa dalgunha maneira previstas como unha cantidade de diñeiro aí preparada para que cando sucedan se poidan atender do xeito máis rápido sen ter que perderse en burocracias e en mocións como esta; sinxelamente, que fose algo máis estrutural, máis preparado. Nada máis, grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE, grazas presidente, bo día a todos e a todas. De novo outra desgraza climatolóxica cérnese sobre os agricultores desta comarca. Fai aproximadamente tres meses, unha alcaldesa e compañeira deputada nesta Corporación traía unha moción co gallo da xeda en todas as comarcas da denominación de orixe do viño na provincia de Ourense. Naquela moción do mes de abril, pedíase solicitar á Xunta de Galicia a tramitación como zona catastrófica das distintas áreas afectadas; tamén se pedía solicitar da Xunta unha liña de axudas para paliar, na medida do posible, os danos ocasionados e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

trasladarlle este acordo á Consellería do Medio Rural. O Grupo Socialista, naquel momento, propúxolle unha emenda de adición *in voce* que vostedes rexeitaron quizais por considerar que esta Casa non debía mollarse nese asunto; sen embargo, agora, nesta moción si se mollan. Nese caso, nós propoñiamos que a Deputación habilitara unha liña de axudas de fondos propios, que convocara aos representantes das mesas sectoriais e tamén aos representantes dos concellos –cousa que nesta ocasión xa fixo o presidente- e que tamén se puxeran en marcha mecanismos suficientes para crear un grupo de expertos que analizaran os danos estruturais que afecten a estes cultivos a longo prazo. Iso era na moción da xeadada. Pois ben, a día de hoxe preguntámonos ¿teñen vostedes, alcaldes das distintas D.O da provincia, algún comunicado oficial do goberno da Xunta, ou da Consellería, do cómputo de afectados, da superficie afectada ou da cuantificación dos danos? ¿Teñen algunha comunicación por parte da Xunta de Galicia de terse dirixido ao MAGRAMA solicitando a declaración desa zona de emerxencia? ¿Que resultados deu a visita da conselleira Ángeles Vázquez á comarca de Monterrei o pasado mes de maio? Os agricultores están esperando de nós respostas, respostas dende as administracións e, por suposto, que lle axudemos porque os que quedan sen nada que colleitar teñen facturas que pagar, teñen recibos da Seguridade Social que pagar, teñen que facer a súa declaración do IRPF; polo tanto, se non colleitan nada malamente van a poder cumprir coas súas obrigas.

No caso que nos ocupa, ben explicado polo señor deputado da comarca da Limia, o pedrisco que arrasou eses concellos o pasado día 6 de xullo, as zoas afectadas –como ben dixo- son as parroquias dos concellos Vilar de Barrio, Xunqueira e algunha de Sandiás, onde por certo tamén se aprobaron mocións instando a esta Deputación -que niso si ten competencias- a facer unha valoración urxente dos danos; a esixir tamén da Consellería e do Ministerio mecanismos que aminoren a falta de liquidez deses produtores, mecanismos que poden pasar pola exención do pago na Seguridade Social, por liñas de financiamento blandos coas entidades de crédito e por solicitar, como non pode ser doutra maneira, a declaración de zona de emerxencia. Polo tanto, nós non podemos quedar impasibles ante a resposta da ministra que di, aquilo que é asegurable non é subvencionable. Non todo é asegurable e o saben ben os produtores da nosa provincia tanto do viño, como da pataca, das diversas zonas agrícolas; porque, efectivamente, os seguros non cobren as perdas na súa totalidade, os seguros agrarios non cobren as perdas, incluso é moi difícil contratar seguros porque aquí a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

propiedade da terra non está nunha soa explotación, unha explotación non é unha soa parcela, senón que son moitas parcelas distintas. Por outra banda, non se fan cargo do 100% das perdas, senón que cobren un 70% e diso pagaríanche un 70% aproximadamente; polo tanto os seguros haberá que dicirlle á Administración correspondente, tanto á Xunta señor presidente, como á propia ministra que haberá que mirar outra fórmula de subvencionar eses seguros agrarios porque España non é toda igual. A agricultura que se desenvolve nesta provincia non é igual ca agricultura que se está a desenvolver noutra partes do Estado.

Polo tanto, nós imos a apoiar esta moción como non pode ser doutra maneira, pero faríalle tamén algunha pregunta. ¿Cal será o tipo de axudas que esta Casa vai a facer aos agricultores? ¿Como poden facer chegar vostedes dende esta Casa as axudas? Facendo un inventario dos danos, si, pero a parte diso ¿que máis? Porque os agricultores, repito, precisan medidas concretas e, sobre todo, necesitan cartos cando non teñen nada que colleitar. Nós imos a apoiar esta moción como non pode ser doutra maneira. Moitas grazas.

D. José Antonio Feijoo Alonso, do Grupo Popular, grazas de novo presidente. Este segunda intervención apetécame facela agradecendo o apoio, a receptividade que ten este importante feito; pero tamén os invito –dun xeito moi respectuoso como acostuma a ser o meu talante- a que non sexamos demagogos. Eu non sei si esa frase poida molestar a alguén, espero que non. O máis fácil é que todos digamos que hai solucionar, que a Xunta, que a Deputación, que lle solucionemos a todos os veciños...eu creo que os cidadáns agradécennos a todos sensatez e responsabilidade. Entón eu entendo que ao respecto, primeiro de calquera estudo de medida, de ver se estas medidas se axustan coa legalidade en cada unha das cuestións, rematemos o estudo que se está a facer que eu pódolles asegurar que está moi próximo para coñecer os datos finais. É certo que son importantes as perdas e que deixaría esta zona que antes mencionei, e algunha máis que se me apuntou aquí que podería quedar fóra, dicir tamén era o ámbito territorial que falamos e que hai agricultores tanto de Xinzo como doutros concellos próximos que teñen parcelas, como moi ben coñecen aí nesa zona, que as traballan. Pero dicía que os importes poden ser importantes porque, para avanzar un pouco máis nos datos que se nos pedían aí, dicir que pode andar o do cereal en torno aos 500-600.000€ as perdas, que en canto á pataca podemos estar falando en torno de 2 millóns e medio de euros e que en canto ás hortalizas podíamos estar falando de 30 a 50.000€; co cal estamos falando duns importes de certa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

consideración.

Gustárame responderlles a algunhas das afirmacións ou das peticións que fixeron os distintos Grupos porque me parece que é o meu deber como portavoz deste tema fácelo. Entón, en canto ao BNG, falábanos de propostas, de medidas coa Consellería, seguros e outras cuestións; volvo a repetir que penso que para chegar a esa xa definición final de actuación temos que coñecer en profundidade os poucos datos que nos faltan e despois ver tamén se a legalidade vixente, as normas europeas, as normas estatais, autonómicas permítennos as actuacións correspondentes. En canto á afirmación do PSOE ou á petición da portavoz do PSOE de facer unhas valoracións urxentes; pois dicirlle que máis urxencia non cabe porque de inmediato, como xa dixen antes, os cidadáns afectados reuníronse co presidentes, os técnicos impulsados dende esta casa empezaron a facer o seu traballo e as medidas chegarán no seu momento adecuado. E ¿cal vai a ser o seu momento? Pois cando coñezamos realmente eses danos finais que se poidan producir. Eu voules a dar un dato que xustifica as palabras que lles acabo de dicir, porque esa demagogia que eu lles dicía antes tamén podería existir por parte dos meus argumentos e non quero que así sexa; os agricultores, se falan con eles, vanlles a dicir que non coñecen aínda en profundidade cal vai a ser o dano final das hortalizas porque algunhas estanse recuperando un pouco –como os guisantes-, non é unha medida moi alta; e o da pataca descoñecía-se ata dentro de pouco cal foi o efecto en canto á súa calidade e en canto ao problema que pode ocasionar, o que eu mencionaba antes, na pataca agria.

Remato dicíndolles que compartimos a súa preocupación sobre as medidas, que esta Deputación non escorreu o vulto, nin o vai a escorrer. O presidente estivo, dende o primeiro momento, pendente do tema e o seguirá estando e, en canto teñamos eses resultados finais, vostedes coñecerán as medidas que podemos aplicar. Por suposto que estaremos atentos, tamén, de solicitar da Administración autonómica as axudas que correspondan. Eu o que non me atrevo agora a dicir é que llo vaian a solucionar todo; sabemos –todos sexamos realistas- que moitas veces por limitacións da normativa e por falta de medios non damos solucionado todo. Claro que era bo que houbera unhas partidas, ¿por que non temos unha partida? Tampouco sabiamos que ía suceder isto. Se a bonanza económica nos permitira ter previsións dos fenómenos meteorolóxicos, teríamos que facer, seguramente, moitas previsións. Como lles digo, estaremos atentos a este tema. Non podoo, nin quero

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

responderlles sobre as outras cuestións doutras comarcas, no seu momento falamos delas e seguiremos falando. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, moitas grazas señor presidente. Simplemente un minuto para aclarar, simplemente explicar que cando se fala de demagogia eu teño que dicir que eu, dende logo, non me sinto para nada aludido porque calquera tipo de proposta que fago en defensa ou en nome, neste caso, do Bloque Nacionalista Galego neste foro é unha proposta, nos entendemos, formulada dende o nos punto de vista, co máximo respecto e co máximo espírito construtivo. Alguén aquí si que se sentiu afectado, en todo caso dicir que eu en concreto nunca me sinto afectado por ese tipo de cualificativos polo que acabo de explicar.

Volvendo ao tema en concreto, efectivamente, xa o dixo a portavoz do Grupo Socialista, están moi ben as palabras, están moi ben as avaliacións, están moi ben todos este debates que nos suscitan sempre este tipo de cuestións; pero ao final, o que nos demandan os agricultores, o que nos demandan as labregas e labregos afectados, puntualmente, por este tipo de catástrofes son solucións e as solucións pasan polo que aquí se puxo enriba da mesa que son: axudas, cartos, financiamento. Iso era o que eu formulaba na miña primeira intervención e iso é o que debería estar dalgún xeito regulado, como xa se falou aquí tamén, o portavoz de Democracia Orensana, que son asuntos puntuais –afortunadamente- pero cando son asuntos puntuais e afectan gravemente ao piar básico, neste caso na comarca da Limia, que é a agricultura, a forma de sustento e de vida dun montón de familia, pois dende a Administración débese poñer, previamente, pór todas as medidas para que, chegado o momento estean claros os mecanismos e os sitios a onde se poida recorrer e, en todo caso, tamén deben estar claras as formas en que a Administración pode facer axudas e axudar con recursos concretos ás familias que se ven afectadas por este tipo de catástrofe. Nada máis, reiterar que o noso voto vai a ser a favor. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, pouco máis que achegar, sinxelamente recalcar, dicía o portavoz do Partido Popular que é imposible prever as catástrofes meteorolóxicas, dende logo, a nivel puntual si. Pero tamén dicía un investigador fai algúns anos que é imposible saber cando un can vai morder a un rapaz; pero estatisticamente é posible saber, e os hospitais saben, cantos cans van a morder aos rapaces ao cabo dun ano e por iso teñen preparadas as inxeccións esas contra a rabia. É

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

imposible saber cando un can vai morder a un rapaz, pero é posible saber cantos cans morden a rapaces nun ano. Aquí pasa algo parecido, é imposible saber cando vai haber unha xeadada negra como a que houbo, ou pedrisco, pero estatisticamente os metereólogos saben que nun período de tempo van a pasar unha clase de cousas; sobre todo tendo en conta, se lle temos que facer caso –é unha cousa que está a debate no nivel científico- ás previsións que din que nos próximos anos vai haber un incremento desta clase de fenómenos en base ao quecemento global, ou cambio climático do que tanto se fala, que di que no futuro inmediato vai a empezar a haber, que a atmosfera e o planeta Gea se van a revolver contra a acción humana e vai a facer que haxa máis furacáns e máis terremotos e todo iso; se iso é certo –que xa digo, está no debate científico en todo o mundo- haberá que incrementar progresivamente esas partidas que teñen que estar preparadas para facer fronte a esta clase de cousas. Nós temos dito moitas veces que os cartos públicos, se para algo están, é para esa clase de cousas. Volver a dicir que votaremos a favor, pero que todo vaia en algo máis que meros estudos e meras elaboracións de informes e que sexamos máis pragmáticos porque, como dicía a portavoz do Partido Socialista, ao final quen sofre esta clase de cousas impórtalle pouco os estudos, impórtalle pouco a burocracia e o que quere é que se lle solucione o seu problema. Nada máis, moitas grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE, grazas presidente. Vamos a ver, non é cuestión de facer demagogia, é cuestión de que vostedes non están aquí para presentar mocións que insten, ou que pidan; vostedes están gobernando esta Deputación e están gobernando a Xunta de Galicia e están gobernado en Madrid. Polo tanto, señor deputado, señor presidente, ¿por que non hai unha rapidez de actuación como se fixo o ano pasado cando o pedrisco afectou á zona da Ribeira Sacra e se quitou unha Orde datada o 19 de setembro e publicada o día 23, con partida orzamentaria por parte da Xunta de Galicia para os afectados? ¿por que non se fai agora? ¿por que non se fixo cando foi o das xeadas nas zonas da DO do viño e do resto de cultivos? ¿por que agora non hai esa premura? Dígollo eu rapidamente. A présa vén porque daquela, o 25 de setembro, había eleccións ao Parlamento de Galicia. Esa é a premura, esa é a demagogia do Grupo do Partido Popular que está gobernando esta Deputación, que está gobernando á Xunta e que está gobernando en Madrid. Polo tanto, en función das premuras electorais adóptanse unhas ou outras medidas con maior ou menor axilidade. Os agricultores están demandando respostas, polo tanto, deixémonos de palabrería,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

deixémonos de xogar e poñan vostedes todo o que teñan que pór, señor presidente, para reunirse en Madrid coa ministra –que por certo paréceme que estivo en Ourense hai uns días– ou para reunirse en Santiago coa conselleira e demandar solucións urxentes. Nada máis e moitas grazas.

D. José Antonio Feijoo Alonso, do Grupo Popular, grazas presidente. Serei breve porque o fondo da cuestión éo que importa e aí todos coincidimos de que hai que facer algo. Como non é o meu estilo irritar a ningún, ao mellor foi desafortunado cualificar de demagogia e eu quixen dicir o protagonismo que a todos nos leva no mundo da política de vender a mellor xestión, cambiémolo se queren por protagonismo por vender xestión que é o que soemos facer moito dende a política e que aos cidadáns non os enganamos e danse conta.

Volvendo á cuestión esta, dicir que sería moi atrevido pola nosa parte dicir que imos a facer sen ter o remate final da avaliación dos técnicos e incluso do censo que están a facer os veciños. Lémbrolle que agora mesmo hai 55 afectados anotados, que eles mesmos están levando control; máis democrático, máis transparente imposible e co apoio, como xa dixen antes, desta Casa. Señora Lama, urxencia, di vostede que a premura. Señora Lama, perdoe, non sei si vería vostede, se se quedaría coa data do pedrazo ou se vostede estaría na bonita e querida terra da Limia, onde os dous vivimos; pero estamos a falar do días 6 de xullo, estámoslle a falar deste mes e vostede fálame de premura. Pois mire, seguramente podería haber algunha fórmula máis áxil, eu a verdade é que coñezo, recoñezo as miñas limitacións e en apenas 15 días, quizais menos, que houberse reunión cos veciños, que me consta, co presidente, cos alcaldes, actuacións plenarias como vostede dixo, esta actuación mesmo aquí, creo que demostra unha celeridade e unha preocupación. Eu remato xa porque creo que o debate foi amplo, que todos coincidimos no importante, en ver se podemos solucionar o problema; e simplemente tranquilizalos dicíndolle que a nosa vontade é total de axuda, que nós estamos coa provincia e por suposto coa Limia, terra que por certo eu que vivo alí quero moito e estou seguro que vostedes tamén. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

acordo:

1º.- Elaborar os informes necesarios para realizar unha avaliación urxente dos danos causados polo pedrazo.

2º.- Estudar a adopción de medidas para paliar, na medida das posibilidades e competencias desta Deputación, os danos causados pola pedra.

3º.- Requirirle á Xunta de Galicia, se así o aconsellase a avaliación, a tramitación de zona de emerxencia das distintas zonas afectadas.

9º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A RETIRADA DO HELICÓPTERO DO BARCO DE VALDEORRAS DA BASE DE VILANOVA

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, moitas grazas señor presidente. O Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que a Xunta de Galiza tomara e executara a decisión de retirar o dispositivo dun helicóptero de incendios da base de Vilanova no Barco de Valdeorras -distrito XIII- inutilizando unha base operativa desde o ano 1992 e na que se investiu diñeiro público ao longo destas décadas e que fica agora pechada para o seu uso.

Cómpre ter en conta que, tal e como ten indicado esta organización, a provincia de Ourense e as súas comarcas orientais contan con especificidades climáticas e tamén contextuais -alto índice de abandono do rural, despoboamento, dificultades de conexión, etc...- que agravan a súa sobreexposición á incidencia de lumes. Así mesmo, cómpre ter en conta que as comarcas próximas á base de Vilanova teñen dúas condicións que deben condicionar a política de prevención e extinción de incendios. Dunha banda, a grande complexidade xeográfica, con altas serras, diferenzas de altitude, dificultades de acceso, vales difíciles de sortear, etc, en suma unha orografía complexa para intervir. Por outra parte, conteñen no seu territorio espazos naturais teoricamente protexidos -parque natural, rede natura, zonas ZEPA, etc.- que dan conta da riqueza biolóxica natural e animal da contorna e fan máis necesaria a súa protección pois os danos poden ser e son irreparábeis en moitas ocasións, como lamentablemente xa se ten experimentado.

Así mesmo, cómpre recordar que a provincia de Ourense no 2016 concentrou máis da metade das 22.000 hectáreas ardidadas no total e que concentrou a metade dos grandes incendios forestais superiores a 500 hectáreas. O oriente ourensá é unha das zonas máis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

castigadas nos últimos anos e a resposta da Xunta é precarizar máis aínda aos traballadores, adiar a concreción do PLADIGA case a xullo, non adiantar o funcionamento pleno do dispositivo malia a desestacionalización dos lumes e a alta incidencia no inverno 2016-2017, etc... A todo isto, vén de sumarse unha alteración dos medios materiais de por si insuficiente, como é o caso da dispoñibilidade dun helicóptero na base do Barco de Valdeorras

Desde o BNG entendemos que non é razoábel e que ademais a Xunta de Galiza ten que esclarecer os motivos e a situación da base así como as decisións e medidas que anteriormente tomara, ou non tomara, o organismo para garantir as condicións de funcionamento e operatividade así como de seguridade para os traballadores e traballadoras e para a salvagarda do material.

Por todo iso nós propoñemos un acordo moi sinxelo que consiste en que:

O Pleno da Deputación insta á Xunta a rectificar a súa decisión de retirar o helicóptero de incendios do Barco de Valdeorras da base de Vilanova e a levar a cabo todas as xestións posibles para que sexa posíbel o seu mantemento en condicións axeitadas de funcionamento.

De momento, nesta primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, ola de novo. Nós estimamos que as explicacións que deu na Comisión o portavoz do Partido Popular, o señor Pablo, estimamos que son suficientemente convincentes. Non sei si na súa intervención cambiará algo diso, pero en principio entendemos que esa base dos helicópteros no Barco se ía a poñer en obras ou se ía a mellorar, se ía a facer algún tipo de melloras nel e, polo tanto, o helicóptero levouse a San Xoan de Río, suficientemente cerca a efectos do que é un helicóptero, ao mellor unha ambulancia ou un camiión de bombeiros é distinto. A verdade que para un helicóptero estar no Barco ou estar no alto de cerdeira, a verdade non hai moita diferenza. Tamén nos falaba que esa clase de servizo tamén se coordina dende Santiago a efectos de todo o país galego. En principio ímonos abster, xa digo, porque estimamos oportunas e convincentes as explicacións que nos deu na Comisión o portavoz do Partido Popular. Grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo do PSOE, bos días a todos e a todas. É outra máis de Valdeorras, xa non se sabe, xa chove sobre mollado; o abandono dos Gobernos do PP a Valdeorras é histórico. A nacional 120, que xa levo varias veces intervido neste Pleno, segue estando nun estado lamentable e , a día de hoxe, non hai visos de arranxo. Por exemplo, o acceso á Rúa que leva con partida orzamentaria non sei cantos anos e sen facer. Aquí, neste Plenario –non está o portavoz- cando se quitou a área sanitaria do Barco e eu dixen que ía ser o enterro do Hospital Comarcal do Barco, como así foi, hoxe os valdeorreses en lugar de morrer no Barco, morremos en Ourense; iso si, pagando un parking bastante caro. O tema do viñedo –falou a miña compañeira hai un pouquiño- tampouco, non pasa nada. E o penúltimo xa é a retirada do helicóptero contra incendios na base de Vilanova. Di o deputado de Democracia Orensana que máis dá, entre San Xoan de Río e O Barco; pois non dá igual, mire, o outro día houbo un incendio en Carballeda de Valdeorras e viñeron 15 medios aéreos pero como como non puideron repostar en Vilanova, que lle estaba cerca do incendio, tiveron que ir repostar a outro sitio. Mire cal é a diferenza, ¿sabe cal é a diferenza? Pois son, a o mellor, cinco minutos máis de operativo; mire se hai diferenzas ou non hai diferenzas. E ¿por que sempre Valdeorras? ¿por que ten que ser sempre Valdeorras?.

Unha base onde se investiron miles de euros e unha base que non se sabe, a día de hoxe, quen a pechou, se a Xunta ou Aviación Civil. Unha base que hai un Convenio, díxoo o outro día o presidente, díxollo ao alcalde do Barco que ían facer unha pista polideportiva porque eses terreos cedéranos os veciños de Vilanova e que agora había que facerlle unha pista polideportiva aos de Vilanova. E a base pechada e aquí non dimite ninguén, nin cesan a ninguén. Pois eu, aquí, vou pedir a dimisión do piloto do helicóptero que será o único culpable, seguramente. Xa dixen, non se está facendo ningunha obra; é máis, retiraron os tanques de combustible. Non sei se as obras están de noite, de día retiraron os tanques de combustible. Miren señores, Valdeorras vai chegar un momento, posiblemente igual nono vexa eu, que se vai fartar, vaise fartar do atranco histórico que lle teñen a Xunta e o Goberno a Valdeorras, non sei por que. ¿Queren que nos vaimos para outro sitio? Ímonos para outro sitio. ¿Queren que pertencamos a Lugo? Pertencemos a Lugo. ¿Queren a independencia? Pois pedimos a independencia; pero, por favor, ¡xa está ben!, ¡sempre Valdeorras!. Dende logo, o Grupo Socialista vai a votar a favor da moción. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo do Partido Popular, moitas grazas presidente. Bos días a todas as persoas que nos seguen hoxe aquí e que nos seguen polos medios audiovisuais. O Grupo Popular ten que votar en contra, en contra polas seguintes premisas. En principio trasládanos a moción o meu estimado compañeiro Ramiro e dinos que debemos instar á Xunta a que volva a traer o helicóptero de incendios ao Barco de Valdeorras. Falaron os tres portavoces e o máis sensato e coherente me pareceu foi o meu estimado Armando Ojea, que di a explicación que lle deu, acertada, o meu compañeiro Pablo na que di o motivo; o motivo é que se están facendo obras. Eu, nesta semana, chamei a distintas persoas da Consellería e reafírmanme que se están facendo obras e séguenme explicando que se están facendo obras e os motivos son que esas obras levan que non podía estar alí o helicóptero e que se debe trasladar dentro do mesmo distrito, dentro do mesmo distrito. Eu estou de acordo co alcalde de Petín que a min incluso me gustaría que incluso estivese na Veiga, ou en Petín, pero prefiro que estea na comarca, é certo. Pero dentro disto, tampouco sexamos política de pancarta e alarmismo-demagoxia, imos a sacrificarnos todos, que non se trata diso, non se trata diso.

Polo tanto, imos votar en contra. Primeiro, porque é algo necesario e preceptivo. ¿Calquera dos dous que vota a favor pon nun papel que é responsable de que pase algo na base esta antes de facer as obras? ¿Calquera dos dous certifica, di que está en perfecta idoneidade ou é legalizable a base a día de hoxe? Pois se fan falta obras e son preceptivas, haberá que executalas. Nada máis e nada menos. Non escoitei a ninguén da Xunta dicir que se vai a trasladar o helicóptero de forma definitiva, ao cal nós oporíamos; pero de momento a explicación que dan é hai obras e que son necesarias e preceptivas. Nós, evidentemente, no sentido da moción, estamos de acordo que despois volva o helicóptero para Valdeorras.

En canto ao speech do meu estimable amigo Miguel, alcalde de Petín, que dicía que todos ímonos de Valdeorras..Non, mire, onte saía na prensa que creo que se invisten no Estado 20-30 millóns de euros entre Rubiá e o Barco. Creo que a vostede e a min a Deputación non nos trata tan mal como para marcharnos para ningún lado. Creo que non, nin a vostede nin a min, creo que a Deputación non nos trata tan mal. Ás DO dálles o mesmo que as outras comarcas, conta con proxectos como ASFAVAL, conta con proxectos coa Asociación de Empresarios de Valdeorras; iso todo, no último ano, esta Casa. Co cal, se vostede quere marchar ou nacionalizarse en Lugo, eu non vou a oporme pero seguro que volverá cara

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

Valdeorras. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, moitas grazas señor presidente. Escoitamos os seus argumentos, xa os expresaron na propia Comisión, baseados nesa hipotéticas obras de que se trata dun axuste temporal que non afecta para nada ao servizo; pero tamén teño que dicirle –tamén con todo o respecto e incluso con todo o cariño ao amigo Juan- que para nós, ou a nós sóanos máis a unha escusa que a outra cousa; son, dende o nos punto de vista, unha pura falacia. En primeiro lugar, porque en Galicia non existe mando único e en segundo lugar, porque detrás do que vostedes definen como un axuste temporal, dende o noso punto de vista non hai unha intención máis que de beneficiar á empresa privada. Cómpre lembrar as palabras que o Director Xeral de Ordenación Forestal, Tomás Fernández Couto, dixo na súa comparecencia na Comisión Sétima do Parlamento, Agricultura, Pesca, Gandería e Montes, para dar conta da actualización do PLADIGA 2017 no que enfatizou os 8 minutos de media para actuar no terreo sobe cada un dos incendios que se rexistren. Pois, precisamente a decisión de trasladar o helicóptero do Barco a San Xoan de Río, vai na liña contraria –como xa se explicou tamén aquí- á amosada pola Consellería. Tempo de reacción que se fai absolutamente preciso nunha zona de difícil acceso como Trevinca, a Serra da Lastra, Teixadal, etc.. Neste caso os tempos de reacción, xunto coas limitacións que sufriron os helicópteros en canto a capacidade, son elementos fundamentais para unha actuación rápida, eficaz e por conseguinte con maiores posibilidades de sofocar os lumes. Din que se van a acometer obras, aquí o volveron a reiterar, pero non hai constancia do que se vai a facer; non consta por ningún sitio o pronunciamento da Axencia Estatal de Seguridade Aérea dependente do Ministerio de Fomento que xustifique o traslado do helicóptero do Barco a Río. Unha base que lembramos vén funcionando ininterrompidamente dende o ano 92 e na que ese helicóptero ten o record en horas de voo. A decisión que toman non é en favor do monte nin do servizo, e teño que reiterarlló lamentablemente; o motivo non é outro que beneficiar á empresa Inaer que co traslado do helicóptero xa prescindiu duns emisoristas. Isto é o que vostedes denominan eficacia e axuste temporal. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, ola de novo. Eu xa dixen na miña primeira intervención que nos abstíñamos, non votamos a favor pero tampouco votamos en contra, porque en principio concedemos o beneficio da presunción de veracidade do que di o portavoz do Partido Popular, de que esa base do Barco está en obras e a algún sitio

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

hai que levar en cuanto ao helicóptero. Eu dicía que, unha vez que haxa que levalo algún sitio, San Xoan de Río non nos parece tan alonxado dende o punto de vista do que é un helicóptero e da Comarca de Valdeorras, San Xoan de Río pertence á comarca de Caldelas, pero está limítrofe. En base a esas explicacións, e sempre concedendo esa presunción de veracidade, os outros Grupos parece que teñen dúbidas de que se vaian a facer esas obras; nós en principio concedemos o beneficio da veracidade no que din. Estanse facendo unha sobras e nós, en principio, non temos motivos para pensar que iso non é certo. Tampouco imos a votar en contra, sinxelamente ímonos abster.

Eu comprendo tamén un pouco a postura do señor alcalde de Petín, porque el entende que Valdeorras atópase discriminada secularmente con relación ao resto das comarcas da provincia por parte da Deputación, ou mesmo doutras administracións; é probable que teña razón. Xa sabemos que Valdeorras, xa empezando polo punto de vista eclesiástico, pertence a outro Arcebisado e sempre foi unha zona bastante afastada do que foi o resto da provincia tamén pola orografía do terreo etc..entón, como para el, todas as discriminacións que leva sufrindo a súa comarca dende tantos anos, aféctanlle emocionalmente, o que nós estimamos que é unha cousa puntual e que ao mellor ten unha importancia relativa, para el é a gota que colma o vaso entón estalla. É unha cuestión perfectamente comprensible. Polo resto, nada máis, volver a recordar que nos absteremos nesta cuestión. Grazas.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo do PSOE, eu vou retar a Aramando e a Juan e esta tarde imos á base, se hai obras na base pónome de rodillas e pido perdón; é tan fácil como iso. Esta tarde imos os tres á base, se está en obras eu recoñezoo, pónome de rodillas e pido perdón. Tan fácil como iso. Vostede di que está en obras, ou que cre que está en obras; aquel di que está en obras; moi fácil, imos esta tarde, invítoos a merendar en Petín, mire que fácil é. Eu acabo de chamar esta mañá e dixéronme que alí non hai ningunha obra; ao mellor foron agora, igual están agora. Esta mañá non había nada de obras, nin cartel sequera, porque normalmente o primeiro que se fai e poñer un cartel e despois fanse as obras. Cartel non había, ao mellor fano de noite, non o sei.

En relación a la lluvia esa de millones, mire, ou vuelle a contar, a A-76, ese millóns xa veñen de atrás, tantas veces; porque o papele, din no meu pueblo que el papel lo aguanta todo, é verdade. Hai un paso inferior na Rúa, na RENFE, o ano pasado rexeitou o goberno da Rúa ese, pois aínda volve outra vez orzado este ano. Era un Convenio que non o quixo firmar e nos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

orxamentos do Estado volve a saír outra vez o a paso ese, mire si aguanta o papel bastante. O acceso á Rúa, o acceso á Rúa –si, si, non mire así que llo podo demostrar, pódollo demostrar que volve a estar nos Orxamentos Xerais do Estado o paso soterrado da Rúa- e o acceso á Rúa pódollo demostrar cando queira que xa leva tres ou catro anos polo menos con partida orxamentaria e non hai, xa lle digo, nin cartel. De todas maneira, volvo a insistir, imos a votar a favor da moción do BNG.

D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo do Partido Popular, moi breve. Vou a empezar polo último. Señor Ojea que saiba que nos invita xusto cando onte acabaron as festas en Petín, non nos invitou antes. Dicía o alcalde de Petín, home antes do carteis hai que pedir os permisos e ver os proxectos, o que é necesario facer ou non facer. Home, eu con vostede esta tarde non irei ata alí porque teño cousas tamén na Veiga, pero igualmente antes hai que facer todo iso. Eu voulle a dicir o mesmo, hai unha frase que dixo o portavoz de Democracia Orensana que dixo: *presunción de veracidade*; imos a ver se se fan ou non se fan, ao igual que vostede pedirá perdón eu negareime a que se traslade a outro lado cando se remate a obra. Senón é moi fácil, enganáronme a min e intentaron enganalo a vostede; así de fácil é, moi sinxelo. Eu preguntei, eu non chamei a ningún veciño á mañá para saber si estaban alí ou estiveron esta noite cunha lanterna facendo a obra, o cal normalmente non sucede, peor pode pasar, pode pasar. Pero en calquera caso, eu si que chamei esta mañá á Consellería –incluso antes de vir- e dixéronme o que me dixeron hai dous días que eran obras necesarias e preceptivas, que había que executalas e que, dalgunha maneira, tal e como dicía o portavoz de Democracia Orensana, algunha vez haberá que facelas e, se se fan, algunha vez haberá que trasladar o helicóptero. É moi simple, facemos obras trasladamos o helicóptero; rematamos obras, volve o helicóptero. Así de fácil e sinxelo. Eu estou de acordo con todo iso, seguro que vostede tamén e o portavoz do Bloque; seguro que os catro estamos de acordo en que, cando se rematen as obras, que volva o helicóptero.

Dicíanos o señor Rodríguez Suárez, falando de Trevinca, mire eu pódolle asegurar que un pelín máis de cariño a Trevinca que vostede, téñolle eu, pódollo asegurar; e máis, o ano pasado investimos cerca de 200.000€ en homologar, limpar e facer un centro de interpretación alí, imaxínese se me fastidiaría que ardera, imaxínese vosetde. Polo tanto, eu teño que ira á Consellería, o que me din é que están executando a obra. Se non fora así, non teña ningunha dúbida de que eu votaría ao seu favor, non teña ningunha dúbida, porque repítolle, tanto máis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

cariño –pódome crer- que a Trevinca téñolle eu.

En canto a choiva de millóns que dicía o alcalde de Petín. Oxalá que invistan moitos máis alcalde, moitísimos máis, imos a estar xuntos niso; para reivindicar millóns para Valdeorras cando queira, ao Estado, á Xunta e a todos os que fagan falta, pero estamos na Deputación. Chámame a atención unha cousa, que sempre que pide ou se queixa, queixase de onde está vostede, non desta Casa. Queixase da Xunta, do Estado, non da Deputación; iso alégrame, supoño que a Deputación entón non nos trata tan mal. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, moitas grazas señor presidente. Moi breve. En primeiro lugar, simplemente lamentar a postura, neste caso, do Partido Popular. Tamén dicir que se vostede se dirixiu á Consellería para interesarse por este tema, puidéronlle dar a información completa: en que ían a consistir esas obras, cando ían a empezar, etc.... Porque o que non parece moi lóxico é que a base se peche sen un Plan concreto operativo para facer unhas obras, á espera de pedir uns permisos, redactar uns proxectos, buscar un financiamento, etc..e mentres tanto a base pechada. Dende logo non parece a mellor das xestións, nin a mellor das previsións; sobre todo se temos en conta que estamos en plena campaña de incendios, cando a base é máis necesario que estea operativa e, en todo caso, habería outras épocas do ano onde non tería tanta incidencia que estivera pechada para facer esas hipotéticas obras que veremos en que se concretan. Nada máis, como dixen ao principio, reiterar neste caso a decepción pola postura que amosa o Partido Popular; porque, en todo caso, eu creo que todos coincidiríamos no acordo. Nós o único que pedimos é que, a maior brevidade posible, se devolva o helicóptero á base na que leva funcionando, repito, ininterrompidamente dende o ano 92 e eu creo que, polo expresado aquí, ese é un desexo de todos, co cal non entendemos moi ben ese voto en contra a este acordo. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O DESMANTELAMENTO DO SERVIZO DE CIRURXÍA PEDIÁTRICA DO CHUO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, moitas garzas señor presidente, bos días señores e señoras deputadas, señores secretarios e demais persoas presentes na sala.

O servizo de cirurxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU) foi durante décadas un referente para o resto de Galicia, con completa operatividade as 24 horas do día dentro dos sete días da semana. En outubro de 2013, o Servizo Galego de Saúde decidiu crear unha área de servizo compartido para a zona do sur da comunidade galega, que abrangue as provincias de Pontevedra, Ourense e o sur de Lugo, o que provocou a progresiva desaparición de servizos médicos pediátricos no CHUOU.

Desde entón, centos de nenos e nenas de 0 a 16 anos están obrigados a desprazarse centos quilómetros, para recibir atención médica pediátrica en cirurxía nunha área sanitaria – que é a referente a Vigo– que está saturada cunha masiva lista de agarda que supera máis de 1.000 cativos e cativas. Na actualidade, o servizo do Complexo ourensá está practicamente desmantelado chegando ata o punto de que so existe un cirurxián, un cirurxián cirúrxico, solo un cirurxián cirúrxico. O recorte aplicado pola Xunta é tan absurdo que obriga ós rapaces a poñerse enfermos solo en horario ordinario, é dicir, de mañás; en Ourense, o servizo de atención pediátrica en cirurxía funciona en xornada ordinaria só de luns a venres de 8 a 3 da tarde. O resto de horas e as fins de semana e festivos non hai nin un so especialista para atender a toda a provincia e ao sur de Lugo. E diría máis, a data de hoxe, os nenos e nenas da provincia de Ourense non poden poñerse enfermos de forma aguda e urxente porque, das 24 horas do día de todos os días da semana, se teñen que ser intervidos teñen que desprazarse á área de sanitaria de Vigo

As xustificacións do recortes ofrecidas pola Xunta, escudáronse na redución da poboación infantil, non se sostén analizando os datos de actividade asistencial. No ano 2013, antes dos recortes, o hospital de Ourense practicou mais de 300 intervencións cirúrxicas en pediatria fronte ás 400 intervencións do hospital de Santiago. Cando en Ourense solo tiña catro cirurxiáns, en Santiago 8 cirurxiáns pediátricos. Polo tanto non está xustificado este recorte en base á redución da poboación infantil. Sen embargo aquel ano o Sergas deixou ao Hospital de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

Ourense con dous cirurxiáns, agora só hai un, só hai un; mentres mantiña 8 especialistas en Santiago. Unha vez mais, o desleixo co interior de Galicia e a marxinação de Ourense son evidentes.

Incluso o Valedor do Pobo se manifestou contrario a unha decisión que está a afectar á saúde dos nenos e nenas. Nun informe datado en xuño de 2014 criticaba, entre outras cuestións, que a *diminución das urxencias pediátricas, en cirurxía pediátrica, non eran razón suficiente porque teríamos que falar de calidade asistencial, non de urxencias pediátricas* e recomendaba *que se adoptaran as medidas necesarias para dar continuidade asistencia ó servizo de cirurxía pediátrica do CHUOU*. Tres anos despois, o Goberno galego fixo caso omiso dese clarificador informe do Valedor do Pobo, impedindo recibir un servizo de calidade e en condicións de igualdade de acceso aos ourensás. De feito, ante a inacción da Xunta de Galicia para solventar este grave problema, a Plataforma pola Defensa de Sanidade Pública de Ourense acaba de anunciar que vai acudir á xustiza para denunciar ante o Ministerio Fiscal esta situación de precariedade.

É necesario que o Sergas leve a cabo inmediatamente as contratacións necesarias para dotar de persoal facultativo suficiente que permita restablecer un servizo que afecta á sanidade de miles de nenos e nenas ourensás. É perentorio que o Sergas adopte as medidas económicas e organizativas necesarias para restablecer no CHUOU o servizo de urxencias pediátricas 7 días da semana as 24 horas, así como as intervencións programadas, que están suspendidas. É imprescindible que as institucións de Ourense se posicionen para defender as necesidades básicas de miles de familias da provincia afectadas por unha decisión que recortou un servizo médico exemplar que era plenamente operativo e sostible.

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta as seguintes propostas de acordo:

- 1. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a adoptar de maneira urxente as medidas necesarias para recuperar na súa plenitude o servizo de cirurxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, garantindo a actividade asistencial e cirúrxica as 24 horas do día, os sete días da semana, evitando así as derivacións masivas de menores a centos de quilómetros, traslados que poñen en risco para súa saúde.*
- 2. Dar traslado formal do acordo adoptado polo Pleno da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia e ó Servizo Galego de Saúde.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, moitas grazas señor presidente. É a enésima ocasión na que temos que falar do funcionamento da sanidade na nosa provincia, neste caso ao respecto dun servizo moi concreto como é o caso da cirurxía pediátrica.

Hai máis de cinco anos que o Sergas está desmantelando o servizo de cirurxía pediátrica no Complexo Hospitalario na provincia de Ourense. En 2010 había 4 especialistas para atender á poboación infantil. No ano 2013 realizáronse 302 intervencións. Este servizo ourensá era o de maior eficiencia, eficacia e rendibilidade de toda Galicia. Tras a xubilación forzosa dun destes especialistas, o Sergas toma a medida de derivar ao Hospital de Vigo todas as cirurxías urxentes. Dende entón, nin a Administración, nin a xerencia realizaron esforzo algún en mellorar os recursos humanos do servizo, non ofertaron novas prazas, nin se apostou pola formación do persoal residente; ao tempo que se ía deteriorando tamén a atención médica xeral á poboación infantil de Ourense. A día de hoxe, como xa se dixo, tan só hai un especialista o que imposibilita mesmo a realización de intervencións programadas, posto que o protocolo esixe a presenza de dous profesionais en quirófano. Isto significa que os nenos e nenas son derivados na súa totalidade ao Hospital de Vigo co grave trastorno que tal medida representa para as familias.

Moito nos tememos que detrás destes feitos estea o intento de desmantelamento total do servizo. Na actualidade hai 140 menores ourensáns en lista de espera para ser intervidos. En xuño de 2014, o Valedor emitía un informe dirixido á Consellería no que poñía de manifesto a súa fonda preocupación polo que entende como o deterioro dun servizo de máxima necesidade; asumindo, na súa totalidade, as demandas da plataforma S.O.S Sanidade Pública de Ourense e trasladándolle á Consellería as seguintes recomendación: *que se adopten as medidas necesarias para dar a maior continuidade asistencial posible ao servizo de cirurxía pediátrica do CHUOU*. Coa situación actual, agravándose día a día, o Sergas adoita a medida de crear un Área Sur que atendería á poboación infantil de Vigo e Ourense. O certo é que, dende aquela, no CHUOU só no se realizaron algunhas intervencións programadas derivando as urxentes a Vigo, ademais esta situación provoca desaxustes na atención sanitaria

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

das nenas e nenos destacando que existe unha lista de agarda na nosa provincia de 140 nenos e nenas para ser atendidos á que hai que engadir os máis de 1.000 que padecen xa en Vigo; hai casos nos que xa teñen transcorridos máis de seis semanas e ter que repetir novamente o pre operatorio, cando levan xa varios meses de agarda son derivados a Vigo pero non para ser atendidos, senón para unha consulta diagnóstica polo que volta a comezar todo o proceso dende o inicio e coas importantes distancias entre poboacións que temos na provincia de Ourense, o estado dun neno ou nena dunha urxencia pode agravarse seriamente no traslado, pensemos nos nenos de Valdeorras, Monterrey, etc.. Ao tempo, tamén é importante, os custos para as familias destes nenos que teñen que desprazarse aumentan exponencialmente no caso de ter que ir e desprazarse ata Vigo.

En definitiva, todo isto non fai máis que aumentar a nosa sospeita de que a pretensión da Consellería, respecto da cirurxía pediátrica, non é outra, como xa dixen, que a de dismantelar o servizo, o que representa o maior deixamento que unha Administración pode facer das súas responsabilidades, desatender e abandonar dende o punto de vista da asistencia sanitaria a un dos sectores máis vulnerables da sociedade, como é neste caso a poboación infantil. Nós, dende logo, estamos de acordo e imos a votar a favor da moción que nos presenta o Partido Socialista. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, Hola. Antes de comentar este tema, un dato importante, *La Voz de Galicia* sempre saca noticias cuando hay Plenos de la Diputación importantes -no sé si lo hace ya con intención, pero si lo hace, lo hace muy bien hecho *La Voz de Galicia*- que dice: *la EPA sitúa la tasa de actividad de la provincia en mínimos históricos*, la tasa de actividad. Entonces, todo lo que decía el señor Plácido antes, todo de lo que presume José Manuel Baltar con todos los datos de que somos la primera Diputación de España en ser provincia inteligente y todos estos rollos y trapalladas que sempre dicen: premio de no sé qué y premio de no sé cuanto, y tenemos un acuerdo con Estados Unidos para hacer un intercambio comercial, que al final no obtienen resultados porque dicen que lo importante son las relaciones. Pues, lo que importa es lo que realmente dicen los medidores, como en un partido de fútbol, lo que importa es el resultado; bueno pues el Estado español dice: *la EPA sitúa la tasa de actividad de la provincia de Orense en mínimos históricos*. Ese es tu record Plácido, ese es tu record José Manuel Baltar; o resto, trapalladas, *o que non son contas, son contos*.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

Después decir que me llama la atención que el señor José Manuel Baltar, a lo mejor también por esto, Plácido, tenéis tanto dinero, porque presumís de cosas en las que no gastáis el dinero; por ejemplo, ayer sale aquí en La Región, a toda portada, el tema este de que se inaugura la nueva depuradora y sale José Manuel Baltar, cuando la Diputación no pone un duro y sale aquí en portada José Manuel Baltar, aquí o tes, en primeira liña de playa, primeira liña de playa, abres o periódico e aí o tes, José Manuel Baltar, un fenómeno. Non pon un duro e sae como quen esta obra fixémola nós, apoiámola nós. Hai que ter jeta. Retomando o que dixeches antes, fixeches unha falacia, que teño que ver como a acuño, que nome lle dou ou ao mellor se xa existe, que é a falacia na que che digo: *o que hai que facer é gastar os cuartos* e di Plácido: *pero si cando gastamos en subvencións nominativas críticannos*. É que o feito de que o gastes, non quere dicir que os gastes mal e que como a un tipo que sempre lle podes dicir: *estás moito na casa, oe, mira tes que saír a airearte un pouco, hai que saír da casa. Pero si salgo para drogarme vótanme a bronca*. ¡Home! terás que saír da casa para airearte pero non para drogarte. Pois isto igual, hai que facer inversións, pero non investir en subvencións nominativas para os amigos. O dito, ter remanente non significa ter boa xestión porque a finalidade dunha Deputación non é ter remanente, a finalidade é gastar os cuartos para os veciños. Isto non é un banco.

Respecto a este tema, nosotros nos solemos abstener cuando son mociones de instar a la Xunta o al Estado, excepto que sean singulares de Orense; ésta es singular de Orense y estamos de acuerdo con los ponentes de la moción en que realmente significa, un poco más, una discriminación. ¿Por qué motivo la ratio de cirugía pediátrica por los niños que se atienden en Santiago se tienen muchos más médicos de pediatría que en Orense, cuando tenemos una proporción de niños parecida? Pues obviamente se desvía dinero para Santiago y no para Orense; entonces ¿por qué motivo la gente que está en Santiago, si los niños que tienen que operarse se operan en Santiago y no tienen que desplazarse y las familias orensanas y los niños tienen que ir a Vigo? Es una injusticia más de por qué Orense es pobre. Orense es pobre porque entre la Xunta y el Estado español nos llevan discriminando décadas y es el momento de decir basta. Estamos totalmente de acuerdo con esta moción. A parte de eso, decir también que esto refleja las comparativas muy fácilmente; es decir, con el dinero que se gasta -aunque no es la Diputación que es del Concello de Ourense- yo siempre pongo esto como un baremo, no es que le tenga manía a la banda de música, es que lo pongo como baremo, algo que es

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

superfluo y que se gasta, la banda de música venía costando en torno a 400.000€ al año a la ciudad de Orense, la banda de música e iban unas 50 personas a verla, era un despilfarro total. Bueno, pues con ese dinero casi se podría tener a *full time*, a pleno rendimiento, un servicio de cirugía pediátrica en Orense. Comparemos la importancia entre la banda de música y de tener un servicio de cirugía pediátrica. Realmente es tercermundista invertir el dinero al revés, que es lo que se está haciendo aquí. Obviamente no son las mismas competencias, porque uno es el gobierno municipal y en este caso es la Xunta de Galicia, pero es para evidenciar lo mal que se gasta el dinero público. Nada más.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular, moitas grazas presidente. Moi bo día señoras e señores deputados, medios de comunicación, de información, todas as persoas que nos están contemplando directamente ou a través da páxina web.

Señora Gil, encántame o énfase que pon porque iso demostra que vive a sanidade e o que lle preocupa a sanidade pública como boa profesional que é, polo tanto, niso teño que darlle a razón. Pero mire, estamos falando sempre de desmantelamento, de recortes, de deterioro. Eu creo que a forza de ser repetidos estes adxectivos, xa deixan de ser cribles e perden credibilidade. Sexamos serios, chamémoslle ás cousas polo seu nome, deamos informacións, datos obxectivos que iso son amores e non as desacreditacións. A sección de cirurxía pediátrica do CHUOU rexistra unha actividade cirúrxica programada e urxente dunhas 200 intervencións anuais, foron concretamente 186 o pasado ano 2016, o que representa a práctica totalidade da demanda cirúrxica e de consultas que se rexistra. Nos últimos tres anos, doulle datos, aos tres anos refírome ao 2014, 2015 e 2016, realizáronse 563 intervencións e 3.249 consultas de cirurxía pediátrica directamente no CHUOU, no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Alguén pode pensar, iso si, sen ser mal pensados, que con 30.800 menores de 15 anos que ten a provincia de censo, estando desmantelado o servizo con recortes e derivando aos nenos a Vigo ¿pódense atender nos últimos tres anos 563 intervencións e 3.249 consultas de cirurxía? ¡Bendito desmantelamento!. Estes son datos, non os invento señora Gil.

É verdade e recoñécémolo, recoñeceuno a mesma xerencia, que para asumir esta actividade ata o mes de febreiro, díxenllo hai un mes para xustificar a non urxencia, ata o mes de febreiro o CHOUO contaba con dous cirurxiáns pediátricos propios e a tempo completo, co

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

apoio de servizos de uroloxía e de cirurxía xeral, como xa se fai en outros hospitais. Pero co traslado dun deles, por certo, por petición propia, vostede ben sabe que aos profesionais non se nos pode atar, pois un deles pediu traslado e ao traslado dun deles, no mes de marzo, quedou só un especialista; como ben di vostede que dixo: *existe un solo cirurxián pediátrico*, si, existiu só un que non podía asumir as intervencións en solitario como se dixo aquí, reconécese. Chega o novo equipo directivo no mes de marzo, desenvolve numerosas xestións e froito diso é que, coa colaboración do servizo de cirurxía pediátrica de Vigo, o mércores día 21 de xuño reiniciáronse as intervencións de cirurxía pediátrica no CHUOU, con dous e non ten un propio máis porque non o hai no mercado, e digo no mercado galego e no mercado español. Pero é que, ademais, continúaase xestionando -por iso llo digo- en todo o país na procura de contratar de forma estable outro cirurxián pediátrico máis, ata que se encontre, ata que se atope. Polo tanto, dígollo porque son palabras da xerencia que un obxectivo irrenunciable da xerencia do CHUOU é manter este servizo de xeito totalmente integral; polo tanto penso que o que vostedes están reivindicando, aínda sendo necesario, xa está feito, non hai que instar porque eles mesmos se autoinstaron.

Para non prolongar a espera dos menores de 15 anos, faise unha avaliación de cada caso e se lle oferta, é verdade, a posibilidade de operarse en Vigo se é que o desexan ou non desexan agardar, ofréceselles esa posibilidade, ¿por que non? Non é a miña intención darlle intencionalidade política, pero miren, falan de que Ourense está discriminado e de que Ourense unha vez máis e que polo tanto non ten; ten dous cirurxiáns pediátricos. Lugo, Ferrol e Pontevedra teñen gobernos, entrecomillado, progresistas, tanto nas respectivas cidades como na provincia, ¿teñen cirurxía pediátrica? Non. Polo tanto, xa se equivoca de tiro cando din que sempre está discriminado Ourense. Dígollo e repítollo, ¿teñen cirurxía pediátrica Lugo, Ferrol e Pontevedra? Non, vostede sábeo. E segundo que me responda, na segunda quenda falarei da calidade nas prestacións. ¿Hai que facer a prestación? Por suposto, si e estase facendo. ¿Hai que ofrecer calidade? Si, por suposto, calidade; e ¿hai que facer e darlle seguridade ás prestacións? Si. Polo tanto, as contratacións estanse facendo, vanse facer sempre que os haxa e mentres tanto estase co servizo de cirurxía pediátrica que é de referencia en Vigo, como están as demais cidades. Polo tanto, non hai neste momento ningún tipo de deterioro da asistencia de cirurxía pediátrica en Ourense; é máis, dixo que ían ir á Fiscalía, mire á Fiscalía xa foron e tamén lle podo dicir algo, xa se lle deu a resposta necesaria por parte

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

da xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Polo tanto, iso de alarmar con que imos á Fiscalía para poñer orde ou amedrentar que parece que esa a intención, non, démoslle solucións aos problemas. Cando tratemos de sanidade e falemos de sanidade, falemos con sensibilidade e coa verdade. Nada máis e moitas grazas.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, moitas grazas señor presidente. Señor deputado, vicepresidente, Rosendo Fernández, dáme unha pena tremenda..vostede pode defender politicamente o que vostede queira, pode defende o que lle diga o seu partido porque chegaron a un acordo democrático de que ten que defender iso; pero como profesional médico que sinte a sanidade igual que eu e outros moitos compañeiros, non pode estar dicindo o que di, non pode estar dicindo o que di. Primeiro, non é verdade o que di de que non ten deterioro a cirurxía pediátrica do Complexo Hospitalario de Ourense. Mentira. Deterioro total, pasouse de catro cirurxiáns notables, de gran prestixio. A un obrigóuselle a xubilarse forzosamente, que non quería, sabendo que non había cirurxiáns pediátricos. Ben, pasamos de catro cirurxiáns pediátricos a un, a un, señor Rosendo Fernández, ¡a un!. Non me minta vostede que me mentiu na vez anterior cando rexeitou a urxencia, mentiu na vez anterior; ou se o quere poñer máis fino e non tan agresivo, distorsionou a realidade. Dixo que falara co señor xerente e que lle dixo que contratara un cirurxián máis, mentira, distorsionou á realidade. Si se contratou un cirurxián pediátrico máis, pero na área de Vigo, non en Ourense. En Ourense só existe, a data de hoxe, un cirurxián pediátrico, non apoiado por Vigo, nin tan sequera por Vigo, solo está el só. E me temo moito que, se non arranxan este asunto, non haberá cirurxía pediátrica en Ourense, nin unha praza porque un cirurxián sen outro non pode facer quirófano e, se non pode facer quirófano, para que vai existir un cirurxián pediátrico. Entón me temo que amorticen o servizo de cirurxía pediátrica. Entón, dende marzo, dende marzo só hai un cirurxián pediátrico, non está apoiado pola área de Vigo, ni se contratou outro, nin a tempo parcial, nin a tempo único, nin a tempo completo, nin nada de nada. Si, falou vostede de que houbo unha intervención o día 21 de xuño, houbo quirófano, vale, acaba de dicilo. Efectivamente, o día 21 de xuño houbo unha intervención de cirurxía pediátrica, claro que houbo unha intervención, non só o 21 de xuño senón o 11 tamén; pero foi unha intervención cirúrxica de cirurxía menor porque empeñouse o único cirurxián pediátrico en facer pequenas intervencións nas que solo se necesita un cirurxián porque a anestesia é local. Pero non funciona quirófano programado para as intervencións cirúrxicas pediátricas desde marzo,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

¡dende marzo! Esa é a realidade e a verdade comprobada por compañeiros do servizo de pediatría. Entón, non distorsione a realidade, que o informen ben. ¿Que teñan intención de solucionalo? pode ser, non o discuto, pero estamos dende marzo cun cirurxián pediátrico e as intervencións cirúrxicas pechadas. Non hai intervención programada de quirófano de pediatría de cirurxía, non a hai. Cun cirurxián pediátrico, como ben dixo o compañeiro do Bloque, necesítanse dous como mínimo; o da intervención e o que o acompaña. Entón, a cuestión e a realidade é esa. Dígolle, se vai a contestar, conteste; pero conteste como profesional médico neste momento. A realidade é esa, pode preguntala, pregunte vostede a quen lla ten que preguntar que é o señor cirurxián do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Tercermundista e de terceira calidade e discriminatoria, desde sempre. Acórdome fai moitos anos, acordarase vostede, non sei se xa estaba na política ou estaba traballando na asistencial, do doutor Folla, do doutor Folla de coidados intensivos que estivo pelexando anos e anos para ter unha unidade de coronarias e recentemente a temos, ¿cantos anos botamos sen iso? Desprazando aos nosos doentes a Vigo e a Santiago. ¿Como di que a sanidade ourensá non é de terceira categoría? De terceira categoría de sempre. Non me veña dicindo que non hai servizos de cirurxía pediátrica noutras provincias. Ben, pero é que aquí resulta que tiñamos unha unidade de cirurxía pediátrica, señor Rosendo Fernández, tiñámola aquí e estámola desmantelando. Desmantelando, si, porque estou segura que se isto non se resolve, se non se resolve termina desaparecendo porque non se necesita un cirurxián pediátrico se non pode facer quirófano. Polo tanto, a realidade é esta e que o seu Grupo non o informe mal porque que teñan pensado facer, si, pero levan catro meses sen facer. Dígolle outra cousa máis, a lexislación vixente, o Estatuto marco, contempla -e voulle a dar unha idea para que resolvan xa- contempla a dispoñibilidade de mobilización xeográfica. ¿Que quere dicir isto? Que, dentro da área sanitaria, un profesional pódese desprazar a outra zona de mesma área, ou inclusive o Estatuto marco contempla a dispoñibilidade, mobilidade dos profesionais a outra área sanitaria; o que pasa é que, señores, hai que pagarlles, hai que lles pagar. O que non pretendan é que, como están facendo en atención primaria, temos que atender a dúas prazas con soldo dunha praza; entón non vai a haber ningún cirurxián que acepte esas características. Vir desde Vigo a aquí para facer quirófano se non lle pagan o desprazamento ou as retribucións pertinentes que se merece porque ten que estar atendendo dúas áreas distintas. Entón, solvénteno porque o poden solventar. Mentres non contraten a outro cirurxián

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

pediátrico, conecten coa área sanitaria de Vigo e que veña un cirurxián pediátrico de Vigo. Porque esa foi a proposta e está sen cumprir, que ía vir un cirurxián pediátrico da área de Vigo para facer a programación das intervencións cirúrxicas programadas. Está sen facer, está sen solucionar. É moi fácil de solucionar, mentres non contraten a outro profesional que veña e que queira vir para aquí. O que pasa é que hai que darlle as retribucións pertinentes, o que non se pode é: vaia vostede a Ourense, desprácese dende Vigo e páguese vostede os gastos que teña que pagarse que nós imos darlle o mesmo soldo. Evidentemente ningún profesional vai a aceptar iso, nin debe aceptalo. Non falemos de faltar á verdade. Iso é así como eu llo estou dicindo, vostede pode comprobalo e, profesionalmente, se vai a responder, respóndame con estas premisas.

Queríalle presentar tamén para que vexa que, os meus compañeiros do Grupo, preparáronme dous carteis, dúas gráficas para que vexa que isto é a realidade. A realidade é a seguinte, un cartel onde nos explica as listas de espera que había en Ourense e en Vigo a data do ano 2014 e o resultado que hai a data de 2017 como están as listas de espera en Ourense e en Vigo. No 2014 as listas de espera en Ourense practicamente era mínimas, non existían -son as de negro- e as amarelas, que son as listas de espera en Vigo, estaban cerca de 300; polo menos na segunda quenda do 2014 estaban ao redor de 300. Na actualidade, no 2017, case se equipara a lista de espera, a lista de espera de Vigo diminuíu, evidentemente contrataron a un cirurxián pediátrico a maiores dos que tiñan e en Ourense non hai programada. Polo tanto mire vostede a lista de espera que se equiparan ás de Vigo coas de Ourense. Isto é información veraz e documentación. Se falamos de tempos de espera, en Ourense é en Vigo, tamén vemos dende o ano 2014 ao 2017. Tiñamos unha espera media no 2014 de, ao redor de menos de 20 días, ou aproximadamente 20 días, e pasamos a máis de 2 meses no 2017. Non estamos dicindo desmantelamento, isto ratifica que si hai desmantelamento, e máis, cando hai un cirurxián cirúrxico nada máis a piques de desaparecer se non solucionan vostedes este problema.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, moi brevemente. Grazas señor presidente. Como xa eu tamén o teño repetido noutras ocasións cando falamos deste tema, as estatísticas, eses datos macro que nos presenta sempre o señor vicepresidente, que eu tamén xa cualifiquei noutra ocasión de defensor de causas perdidas, pero que nesta causa ou neste tema concreto aínda e moito máis grave o asunto porque el,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

en razón da súa profesión, é un perfecto coñecedor do tema, pois chócanos mais ese feito de que nos veña con esas estatísticas, que nos veña con eses números macro para xustificar unha postura, para xustificar unha defensa dun sistema que non ten absolutamente defensa dende o noso punto de vista. Como eu xa teño dito noutra ocasións, eses datos, ese discurso que se fai dende aquí, choca coa realidade coa que se topan os cidadáns, os veciños e veciñas, cando se achegan a un servizo público como, neste caso, é o da sanidade e padecen en carne propia e en primeira persoa os recortes, eses que vostedes cualifican de alarmismo innecesario que nós dicimos, pero que é a realidade que, insisto, é coa que se topan os cidadáns da provincia de Ourense e do resto de Galicia tamén, como aquí se ten demostrado, cos datos que se acaban de dar, eu xa o dixen na miña primeira intervención. Porque tamén son datos os da lista de espera, fai uns anos era inexistente e agora máis de 140 nenos en concreto están en lista de espera na nosa provincia para ser intervidos cirurxicamente. Que só hai un cirurxián tamén é un dato obxectivo, é un dato obxectivo que impide que o funcionamento do servizo nas condicións nas que debería funcionar. Eses tamén son datos obxectivos e esa é a realidade coa que se atopan, máis alá do que poidamos dicir aquí, os nosos cidadáns.

Tamén denunciar, ou dicir, ou poñer sobre a mesa que, a raíz da denuncia da plataforma, xa se explicou aquí tamén, vostedes –neste caso refírome aos responsables do servizo- retomaron durante un día as operacións do servizo para xustificar que funcionaba con normalidade; tivo que ser, como digo, a raíz da denuncia da plataforma. En definitiva que a situación é a que é, é a que viven todos os cidadáns e a que nós levamos reiteradamente denunciando porque, de sanidade, non é a primeira vez que falamos nesta sala e desgraciadamente, tamén o teño dito outras veces, supoñemos que non será a última vez. O único que se pide é que un servizo que existía, e que leva trazas de desmantelarse, volva a funcionar nas condicións que merecen, que necesitan os nenos e nenas da nosa provincia. Co cal, novamente reitero o noso apoio total e o noso voto favorable á moción que nos presenta o Partido Socialista. Nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, si, muchas gracias. Simplemente decir que mantenemos nuestra postura, estamos con la ponente del PSOE y del Bloque. Simplemente hacer una recomendación a la ponente del PSOE que es que cuando saque unos gráficos tan importantes como los que sacó no se los enseñe a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

Rosendo, que los enseñe a las cámaras. Nada más, simplemente decirle que ya que soy la persona que menos cobro de esta Corporación que me disculpen porque dentro de un rato tengo que ausentarme, tendré que tomarme algún privilegio ya que soy el que menos cobro.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular, moitas grazas señor presidente. Señora Gil Álvarez que eu lle dixera que me gustou o énfases polo amor que ten á profesión, non quere dicir que na segunda intervención suba moito máis o énfases. Porque mire, os bos criterios tamén en voz baixa pódense dicir e son tan cribles.

Mire, vinte intervencións de cirurxía pediátrica se fixeron este mes, onte dixéronmo fontes oficiais do CHUOU, vinte intervencións fixéronse neste mes; para estar desmantelado e haber recortes dese servizo ¡bendito desmantelamento! Vinte intervencións señora Gil. Segundo, non me confunda o 21 de xullo co 21 de xuño, o 21 de xuño veu un profesional, un cirurxián pediátrico, dende a área compartida de Vigo; de maneira que hai un cirurxián de plantilla e un máis da área compartida porque senón non se poderían facer esas vinte intervencións neste mes. Moléstame, de verdade que me molesta como profesional, que diga que Ourense ten unha sanidade de terceira categoría, ¡non! Ourense ten unha sanidade como calquera provincia española, en calidade e en seguridade de boa e iso é grazas aos bos profesionais tamén que hai en Ourense; pero é de primeira categoría, non de terceira señora Gil. Rectifique as súas palabras porque con elas está faltando a moita xente e a moitos profesionais que é o máis importante. E dígolle que en Ourense realízase toda a actividade con criterios de calidade e seguridade, que non falou nin se referiu para nada; porque non é solo facer unha intervención, é ter os criterios de calidade e seguridade que son tan importantes como facela e non se referiu vostede para nada.

Polo tanto, a creación da área compartida con Vigo posibilita o sumar eses recursos do CHUOU e os do CHUVI -que é o Servizo Hospitalario Universitario de Vigo- para atender aos nenos, e con esta modalidade de servizo compartido dáse resposta ás necesidades dos profesionais de Ourense de ampliar a casuística e a variabilidade diagnóstica e con elo algo tamén moi importante, e que non se tivo aquí, aumentar as horas de quirófano que son moi importantes. En cirurxía pediátrica, sobre todo, en calquera cirurxía pero sobre todo na pediátrica, necesítase ter un número desexable, importante, de intervencións ao ano porque senón reséntese a seguridade; vostede debería sabelo como profesional. Non é estar en Ourense, que afortunadamente os nenos son sans, e hai 30.800 e que haxa 2, 3, 4, 5 quer ter

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

como en Santiago cirurxiáns a velas vir, non, porque lle quitamos horas de mans de quirófano e iso é importantísimo señora Gil. Por exemplo, en medicina primaria, na nosa medicina, aínda que non teñamos tantos pacientes non é tan importante como un cirurxián pediátrico que os ten que estar facendo ás mans, ¿ou non é importante? Polo tanto non é cuestión de por que ten que haber dous e hai seis, non, porque a casuística hai que tela en conta. Polo tanto, na cirurxía pediátrica de Ourense prima esa calidade e esa seguridade grazas ao servizo compartido.

Voulle a dicir algo, o Complexo Universitario da Coruña é a referencia para as áreas de Ferrol e Lugo, porque xa lle dixen que Ferrol e Lugo non tiñan cirurxía pediátrica, polo tanto ¿segue coa teima de que a sanidade en Ourense e concretamente a cirurxía pediátrica está desmantelada? Pois non, nin está desmantelada e ten servizo, neste caso sección de cirurxía pediátrica; Lugo e Ferrol non, polo tanto retire iso de que estamos discriminados na cirurxía pediátrica. Por certo, desleixo con Ourense e marxinación, pois non o sei. O desleixo e a marxinación valen para a crítica política, pero cando falamos de política sanitaria hai que ser un pouquiño máis rigorosos. E iso de sacar gráficos, mire, eu doulle números, cos números pódense facer gráficos e o gráfico é, e o importante é para a xente que nos está escoitando estea tranquila, é que neste mes, que aínda non rematou, xa se levan feito 20 intervencións de pediatria en Ourense. Polo tanto, de desmantelamento nada absolutamente de nada. nada máis e moitas grazas.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, moitas grazas señor presidente. Fálame vostede de que dubido da calidade asistencial de Ourense, non señor Rosendo Fernández, non dubido da calidade asistencial de Ourense porque a calidade asistencial de Ourense depende dos profesionais sanitarios que están a practicala e vostede debe saber, e eu sei, que os profesionais sanitarios poñen po que lle falta en recursos da súa parte, do seu esmero, do seu tempo, do seu estrés para solventar todas as deficiencias que ten o sistema. Entón o que a calidade asistencial de Ourense sexa unha calidade excelente non é polos investimentos que leva facendo o seu partido político da Xunta de Galicia aquí en Ourense, non señor; é pola calidade, o esforzo, e a dedicación que teñen todos os compañeiros -profesionais sanitarios e non sanitarios do servizo galego de saúde- na Xerencia de Ourense. Non dubido da calidade asistencial, en absoluto, dubido dos servizos que están en detrimento e os que faltan; pero eses servizos non dependen dos profesionais sanitarios, dependen da Administración e dos gobernos que manden os diñeiros para xestionar eses servizos. Falamos de diñeiros, falamos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

de gobernos e falamos de administracións; non de asistencia sanitaria. Non dubido para nada, de feito vostede dixo que nos tres últimos anos fixéronse 5000 intervencións, ben, pois parabéns polo grande esforzo que fixeron eses dous cirurxiáns cirúrxicos de poñer todo o seu esforzo para realizar eles dous solos esas 500 intervencións. Estamos falando de calidade asistencial que manteñen os profesionais sanitarios, non das Administracións que poñen os recursos suficientes para que isto funcione. Recursos suficientes para contratar outro cirurxián pediátrico aquí en Ourense ou senón, recursos suficientes para que se desprace un de Vigo a Ourense. Dígolle, señor Rosendo Fernández, non distorsione a realidade. O día 11 de xullo houbo quirófano de cirurxía pediátrica polo único cirurxián pediátrico porque era cirurxía menor e non necesitaba apoio. Era anestesia local por un cirurxián pediátrico e polo seu empeño de empezar a resolver cuestións menores. Non é quirófano aberto e quirófano maior, nin cirurxía programada, non, non o oculten así porque o verifiquei, verifiqueino, ¿de acordo? Entón, non me fale, non dubido eu dos meus compañeiros, nin da profesionalidade dos meus compañeiros. Mire, así, sen que nos escoite ninguén, sen que nos escoite ninguén, voulle dicir unha cousa ¿saben vostedes por que gañaron vostedes as eleccións en Galicia? é a miña impresión ¿sabe por que? Porque os funcionarios sanitarios de toda Galicia estamos suplindo os déficits que ten a falta de recursos da sanidade galega, vale, por iso gañaron as eleccións; a ver se non nos enfadamos de verdade porque ao mellor igual as perden nas seguintes.

Con isto remato xa, señores e señoras deputadas, agora voume a dirixir, señor Rosendo Fernández, como responsable e como coñecedor do tema sanitario, se isto non se solventa, senón vén un cirurxián a axudar ao único cirurxián pediátrico para que se abran os quirófanos, vostede será responsable e xa lle pedirei nun futuro responsabilidades na miña pequena parcela. En segundo termo, señores e señoras deputadas e deputados do Partido Popular, ¿non lles parecen importantes os seus fillos e as súas fillas? ¿non pensan vostedes que os seus fillos e as súas fillas merecen ter unha cirurxía pediátrica que se resolva aquí na súa provincia? ¿non cren vostedes que se deben poñer as pilas, falar co señor presidente da Deputación e cos seus presidentes de Goberno, da Xunta de Galicia e outros e poñerse as pilas para que este señores que poden resolver esta cuestión cunha fórmula moi sinxela que é que un cirurxián pediátrico veña a Ourense?, só cun día á semana que veña de Vigo á área de Ourense para que se abran os quirófanos, mire con que pouco se solventa, póñanse as pilas falen co señor presidente da Deputación, falen co señor presidente da Xunta, porque se está tratando -querida recién mamá-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

dos seus nenos e da súas nenas, dos que son avós dos seus netos e as súas netas, dos seus fillos e fillas e familiares; dos seus fillos e fillas de veciños, dos seus fillos e fillas, de nenos e nenas de todos e cada un dos ourensáns. Polo tanto, vostedes, aínda que sexa un granciño de area, poden facer moito. Tamén o deixo nas súas mans porque poden facer bastante máis que nós que estamos traendo esta moción para solventar de forma mínima e cos mínimos recursos, os mínimos recursos, só que veña unha vez á semana un cirurxián da área pediátrica cirúrxica de Vigo a axudar ao único cirurxián para que se abran os quirófanos. Iso xa de forma inmediata, despois pediremos que siga habendo un servizo. En terceiro lugar, señores e señoras da prensa vostedes moven moito, vostedes poden facer moito por este servizo de cirurxía pediátrica de Ourense, vostedes poden facer moito; entón, pediríalles que dentro dos filtros que teñan que aceptar ou non aceptar, que terán filtros, que por favor poñan tamén o seu granciño de area para que este tema se solvente. Dígolles que é moi fácil, solo que veña un cirurxián de Vigo a Ourense unha vez á semana, ábrense os quirófanos, pódense facer as intervencións. Despois pediremos máis, pero iso como primeiro lugar. Polo tanto reclamarei a axuda de todos vostedes, dos que mencionei. Moitas grazas e nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

11º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO PROVINCIAL PARA REALIZAR UNE STUDO E CREAR UN PLAN DE ACTUACIÓN PARA O CONTROL DOS NIVEIS DE RADON NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DOS CONELLOS DA PROVINCIA.-

O Sr. presidente manifesta que na Xunta de Portavoces se acordou debater este punto e o seguinte da orde do día conxuntamente, aínda que despois se fará a votación por separado, e cédelle a palabra en primeiro lugar ao Grupo Popular.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, moitas grazas presidente. O argumentario e a exposición de motivos desta iniciativa xa foi dado aos medios de comunicación, téñena vostedes; polo tanto, eu vou a referirme máis á documentación máis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

especializada ou científica do asunto do radón. A verdade é que o primeiro que hai que dicir sobre o radón é o porqué do seu estudo e preocupación, é que é un gas, un gas radioactivo e inodoro e insípido, polo tanto é un gas que podemos dicir *traicionero*, que procede da descomposición do uranio e se presenta na cortiza terrestre e a presenza do radón no exterior dos edificios é baixa e non ten repercusión para a saúde humana que se teña visto ata o de agora, pero en lugares de traballo, en espazos interiores dos edificios, que impiden a súa liberación á atmosfera, é cando realmente é patolóxico. Cando inhalamos radón este descomponse en partículas chamadas alfa-radioactivas, impactan nas células pulmonares e é causa de tumor, de neos ou de cancro pulmonar; de feito, a Organización Mundial da Saúde –a OMS- dixo, di e ten demostrado que, despois do tabaco, o radón é a segunda causa de cancro de pulmón e así a Organización Mundial da Saúde recoñéceo como canceríxeno humano dende o 1988 e dende o ano 2009 recomenda reducir os niveis de radón.

¿Como saber si hai radón no interior dun edificio? Pois hai que facer a medición e a medición, segundo din os expertos, é un proceso sinxelo. Os expertos, neste caso, son o Laboratorio de Radón de Galicia, na súa área de medicina preventiva e saúde pública da Universidade de Santiago de Compostela que é de onde eu quitei as miñas notas. ¿Por que encargar a medición de radón? En Galicia, concretamente neste Laboratorio do Clínico Universitario, xorde da experiencia acumulada do Departamento de I+D dende fai máis de vinte e cinco anos con profesores investigando. O Laboratorio de Radón de Galicia é, ademais, o segundo laboratorio de España con máis medicións de radón residencial e a calidade das medicións deste laboratorio, ademais de ter experiencia, o laboratorio traballa con estándares de calidade; polo tanto estamos falando do Laboratorio de Radón de Galicia da USC, da Universidade de Santiago de Compostela, que nos merece toda a credibilidade. Pero tamén ten que haber unha lexislación e hai unha lexislación, claro que si, que é a directiva a que vai entrar hoxe, que se refire nos argumentarios –tanto o Bloque coma nós- que é a Directiva europea 213/59/Euratom que indica que non se debe superar os 300 bequerelios por m³ en vivendas. Polo tanto, estamos falando dun gas radioactivo; estamos falando dun gas que se pode determinar a súa concentración en lugares de traballo e en vivendas e estamos, polo tanto, tratando de previr un problema de saúde pública.

En Europa, como dixen, da actualidade da norma europea que regula a exposición do radón é a Directiva 213/59/Euroatom do 5 de decembro de 2013 que ten que estar en vigor,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

concretamente, en febreiro do ano próximo e ¿en España? En España no ano 1990 houbo unha recomendación, Recomendación 90/193/Euratom relativa á protección da poboación contra os perigos da exposición do radón e a protección laboral que tamén a lexislación é o Real decreto 783/2001 do 6 de xullo.

Solucións. Sempre se fai uso do refrán: *máis vale previr que curar* e isto é perfectamente aplicable ao problema do radón. Esperemos que en breve está resolta esta prevención ao entrar en vigor, como dixen, a Directiva 213/59 en febreiro do 2018. A Unión Europea, por outra parte, ditaminou que a partir do 2018, polo tanto, o radón debe ser totalmente eliminado das vivendas e dos centros de traballo e de feito, e como recorda a Organización Mundial da Saúde, ten que ser así, porque a segunda causa máis importante de cancro de pulmón despois do tabaco e se di estatisticamente que dentro das substancias do cancro de pulmón abarca do 3 ao 14% é o radón en función da concentración media. Pero é que ademais temos outro problema e por iso é oportuno traer esta iniciativa a Ourense. Ourense e a provincia de Pontevedra son, do mapa da Universidade de Santiago de Compostela, as que teñen máis altas concentración de radón polos estudos feitos; pois ben, tamén en Castela León, ben na Serra do Guadarrama. Hai algo moi significativo que trouxen aquí e que nos di: *radón. Los tumores cerebrales se disparan en Galicia y el sospechoso está bajo tierra*. É o que acabo de dicir que en lugares de trabalo e cerrados sobre todo dos sótanos onde está a concentración deste gas radioactivo.

Polo tanto, a mellor maneira de evitar o problema é establecer as medidas protectoras oportunas no momento da construción das novas vivendas, isto coa nova Directiva europea xa se ten que aplicar porque é de obrigado cumprimento, e nós como Grupo o que presentamos é esta iniciativa que pretende crear un Programa de cooperación para os concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes –seí que o Concello de Ourense xa o levou a Pleno- interesados no control e na eliminación do gas radón nas súas instalacións e que o Goberno provincial, ou sexa a Deputación, en convenio coa Universidade de Santiago de Compostela que como dixen hai uns minutos é a segunda de España con máis estudos neste campo, realice os estudos necesarios para controlar e erradicar dito gas os concellos adscritos previamente ao Programa de cooperación. Creo que é de sentido común, non caben políticas de ningún tipo, hai que previr en vez de curar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, moitas grazas señor presidente. Eu simplemente vou a dar algún dato complementario, algún seguramente xa o repetirei, do que se explicou aquí, no que concordamos plenamente. Temos que dicir que cada ano detéctanse na provincia de Ourense 190 casos de cancro de pulmón e a exposición ao gas radón é a segunda causa de aparición desta enfermidade, que a provincia se atopa á cabeza do Estado en concentración de gas radón, despois da Serra do Guadarrama e Zamora, e que Ourense está na categoría máis alta, onde máis risco hai de desenvolver cancro de pulmón polas elevadas concentracións que se observan nos domicilios.

As táboas de medición, realizadas polo Laboratorio de Gas Radón de Galicia na cidade de Ourense, reflicte que un 17% das medicións efectuadas superan os 300 bequerelios que é o nivel mínimo que establece a Unión Europea, aínda que é un nivel alto se o comparamos co que cifra a Organización Mundial da Saúde que pon nos 100 bequerelios a fronteira onde empeza o perigo, polo cal a situación é altamente preocupante, hai capitais de concellos nos que a incidencia chega ao 100%. Actualmente, os propietarios de vivendas que se atopen en zonas de incidencia de gas radón poden dirixirse ao Laboratorio de Radón de Galicia para que lles manden dous detectores que deberán colocar, por un período de tres meses, na parte máis baixa e máis alta das vivendas, debendo abonar un custe de 96 euros e a realización deste tipo de probas cobre o dobre obxectivo de incrementar a seguridade da vivenda dos propietarios e achegar novos datos á estatística xeral co fin de completar o mapa de incidencia do radón de Galicia.

Nós, os acordos que formulabamos na nosa moción eran:

1º. Establecer un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela que permita facer medicións nos edificios públicos da provincia ao que se poidan adherirse os concellos.

2º. Que polo departamento de prevención e Riscos laborais da propia Deputación se elaboren informes periódicos sobre a posible presenza de gas radón nos edificios provinciais e a exposición dos traballadores e traballadoras a este gas e se adoiten, no seu caso, as medidas oportunas para reducir os niveis do mesmo.

3º. Implementar unha liña de axudas para que aqueles particulares que estean dentro das zonas consideradas polo Laboratorio de Radón de Galicia, como de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

máxima incidencia, poidan realizar, se así o consideran, medicións nas súas vivendas.

Eu íalles a propoñer, se lles parece, dado que as dúas mocións, os acordos son, entendemos, complementarios e en todo caso, o primeiro acordo que formulamos na nosa moción é moi asimilable ao segundo acordo que formulan vostedes; pois iamos a propoñerlles, se lles parece ben, que os nosos puntos 2 e 3 sexan os números 3 e 4 e vaian a continuación da súa moción, como unha emenda de adición, e que se vote conxuntamente e que se aprobe un único apartado resolutivo que sería o 1º e o 2º punto da súa moción e 2º e o 3º da nosa, que entendemos que son complementarios ao que vostedes formulan; senón, en todo caso votariámolas por separado. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, ola de novo. O problema do radón xa está sendo bastante coñecido, tratámolo tamén no Concello de Ourense, máis ou menos as ideas básicas sobre o problema xa as expuxo o relator Rosendo. Pouco que engadir, dicía o relator Rosendo que o radón é un gas, o radón é un gas que se chama un gas nobre, non ten comportamento químico. Vostedes saben que o comportamento químico das substancias vén determinado pola súa estrutura electrónica, diso lembráranse do bacharelato; o número de electróns que teñen na cortiza determina as valencias e o comportamento químico. Sen embargo, o radón é un gas nobre que non interfere con outros dende o punto de vista químico, entón poden vostedes dicir: ¿e logo por que é tan perigoso entón? Porque o problema do radón provén do núcleo, non da súa cortiza electrónica, non do comportamento químico propiamente dito. O radón ten un núcleo pesado como a maioría dos elementos do fondo da táboa periódica, entón eses núcleos pesados como son tan grosos as forzas nucleares que os manteñen cohesionados debilítanse e pérdense cachos. Un deses cachos é o que xa lle chamou o señor Rosendo unha partícula alfa, unha partícula alfa é un bloque de dous protóns e dou neutróns, que o lembrarán vostedes do bacharelato ou da EGB, cando se solta esa partícula o núcleo transmútase noutro elemento químico -porque xa saben vostedes que a identidade do elemento químico depende do seu número atómico, do seu número de protóns- e esa partícula alfa é a problemática realmente, o verdadeiro problema, máis que o núcleo do átomo, é esa partícula ademais de outra, a partícula alfa non é a única que solta o núcleo radioactivo, solta tamén electróns, que se chaman partículas beta, e tamén solta unha radiación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

electromagnética que se chama radiación gamma; pero esas curiosamente, aínda que son máis enerxéticas, non son as perigosas, a perigosa é paradoxicamente a partícula alfa que aínda que é a menos enerxética, é a peor porque é a que se respira, respírase, crávase nos alvéolos pulmonares e queda aí emitindo esa radiación, é unha partícula moi ionizada, son dous protóns que non teñen neutralización, entón queda aí nos pulmóns e sobre todo e moi perigosa para a xente que fuma porque, segundo os estudos, faise unha sinerxía, un efecto multiplicativo cos efectos do tabaco.

Resulta que Galicia, e particularmente Ourense, e particularmente certas zonas de Ourense, da provincia –tamén de Castela e León, etc..- pola súa natureza granítica, emiten unha alta proporción de radón e polo tanto desas partículas e doutros elementos radioactivos, non só do radón, tamén do uráneo, sobre todo nos sótanos, nos sitios que non están selados, bodegas, iso non sería moi problemático se estivese ben ventilado, se no momento que sae o radón e eses partículas radioactivas saísen directamente á atmosfera, non habería maior problema, pero quedan acumulados habitualmente en sótanos, en bodegas, en lugares que non están selados, entón iso, a longo prazo, convivindo permanentemente aí ou vivindo permanentemente aí acábanse desenvolvéndose unha proporción enorme de cancros, iso é un feito xa recoñecido. Dicía o portavoz do BNG que outros países admiten menos dos 300 bequerelios, nos Estados Unidos, non lembro a cifra, pero creo que é incluso cerca da metade do que se permite como radiación admisible.

A parte de que xa está sendo a Lei europea que o está esixindo, votaremos totalmente a favor tanto da proposta do Partido Popular como da do BNG que estimamos, tal e como tamén di o portavoz do BNG Ramiro, practicamente equivalentes e tamén estaríamos a favor da proposta que di de incorporar a moción do PP á do Bloque, ou viceversa, creo que é ao revés; pero bueno, é o mesmo, por todo iso votaremos a favor. Grazas.

D^a. Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do Partido Socialista, moitas grazas presidente, moi bo día a todos e todas. Non vou a dicir o que representa o gas radón e o que é o gas radón porque xa se falou anteriormente, polo cal xa se saben todas as peculiaridades que ten e o que representa para a nosa saúde. Si que dicir que este gas se encontra dentro das nosas edificacións e, sobre todo, na nosa tipoloxía de construción galega pola súa especial xeoloxía da nosa terra; en concreto na provincia de Ourense a presenza do gas radón representa un grave risco para a nosa saúde. Mire, segundo un estudo recente, sete

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

concellos de Galicia incumprirían o límite dos 300 bequerelios e, deste sete concellos, seis son desta provincia os cales exceden amplamente o límite máximo de radiación establecido pola directiva europea. Tendo en conta que a normativa estatal actual –Lei de ordenación de edificación e o Código técnico de edificación- non contempla a protección dos usuarios fronte ao risco de habitar con excesiva concentración de gas radón en espazos pechados é necesario que se adopten medidas por parte doutras administracións que garantan esta protección. O Laboratorio Galego de Radón da USC co que colaboran xa varios Concellos e Deputacións, e que o vai a facer agora esta Deputación porque non o facía ata esta data, fala da necesidade de adoptar medidas.

Pero miren, todas estas medidas custan cartos á hora de adecuar as instalacións existentes, máximo sendo coñecedores dos límites actuais de nivel de risco que temos nas vivendas e nos edificios; en xeral, as persoas estámonos a expor a un problema que descoñecemos e que nos obriga a tomar medidas custosas, polo que é preciso que respondamos dende as administracións en forma de axuda pero sobre todo para a protección da saúde pública. Temos que ter en conta tamén que a administración galega non está a pór todo da súa parte para avanzar, tanto nos estudos e controis como na protección a través da adecuación de vivendas. Miren, para nós trátase dun erro que se eliminara a esixencia de forxados sanitarios ventilados nas vivendas de nova construción que xa se contemplaban nas normas de hábitat galego de 2017. Camiñamos cara atrás no canto de camiñar cara adiante. Cantos máis estudos coñecemos, hai menos ferramentas normativas. Esta Deputación debe cooperar para esixir á Xunta que recupere este tipo de medidas e introducilas nas normas de habitabilidade de Galicia e, ademais, cómpre que lle esixa á Xunta un esforzo á hora de que chamemos ou ben bonificar, axudar, apoiar a que se adopten medidas correctoras na incidencia do gas radón nas vivendas xa construídas e edificacións públicas; introducindo axudas específicas nas liñas de apoio e rehabilitación. A día de hoxe, esta Deputación non conta con medidas específicas nin para axudar aos particulares, nin para coñecer os niveis de contratación dos propios prezos públicos dependentes da Deputación; por iso parécenos razoable o que hoxe se pretende: subscribir un convenio co Laboratorio Galego do Gas Radón que nos permita facer estas análises nas edificacións desta Deputación que poden afectar aos traballadores, como nos edificios públicos existentes na nosa provincia. É polo que vamos a votar a favor destas mocións, xa esperamos ao que digan, se aceptan que se converta toda en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

unha e tamén vamos a lembrarlle, como xa dixemos moitas veces, que a única obriga desta Deputación é a colaboración cos concellos que forman esta provincia; pero sobre todo cos seus habitantes. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, moitas grazas presidente. Non moito máis que dicir, pero si aclarar, efectivamente, é un gas nobre; é un gas nobre radioactivo que ao inhalarse a través das vías respiratorias a desintegración, saen as partículas alfa que son as radioactivas, efectivamente, cunha medición fácil.

O Laboratorio de radón da Universidade de Santiago de Compostela, do servizo de saúde pública, xa se puxo en contacto con moitos Concellos e de feito sabemos que o Laboratorio elaborou o mapa de radón de Galicia con máis de 3.400 medicións a nivel municipal, das que 500 corresponde á provincia de Ourense e, ademais, se ven participando e colaborando co servizo de pneumoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. É inequívoco o interese que ten esta Deputación, porque é un problema de saúde pública. Polo tanto, nós seguimos con eses dous puntos que temos e podemoslle engadir, que hai que ser realistas, o punto 2 do BNG: *que o departamento de prevención e Riscos laborais da Deputación tamén elaboren os informes periódicos de gas radón, etc, etc..* que se estimen oportunos. Pero claro, o punto 3, dicir que aos particulares empecémoslle a medir e a pagar o gas radón parécese demasiado. Haberá que informar e que cada un adopte as medidas oportunas, pero a Deputación non está agora para pagar a todo o mundo e de forma lineal un problema que poida ter, que ademais debe ser solucionado, informado si, pero solucionado polo particular; ou vamos a pagarlle agora a calefacción agora á xente tamén.

Polo tanto, incorporamos o punto número 2 aos dous puntos que nós temos, que cremos que é unha medida oportuna e realista.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, moitas grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente para aclarar a proposta que nos acaban de facer, nós viamos interesante que se implementara unha liña de axudas porque non falamos de que se pague todo, sería interesante esa liña de axudas, considerabámola interesante. En todo caso, visto que todos estamos de acordo en que isto é un problema e que hai que empezar a tomar determinacións para intentar atallalo, vamos a aceptarlle esa proposta que nos fan. En resumo, que o noso segundo punto sexa o terceiro dos acordos e refundir as dúas mocións ou as dúas propostas nunha única na que quedaría claro, eu creo que por parte de todos, con

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

eses tres puntos que acaba de explicar; en todo caso, vamos a deixar caer o noso terceiro punto aínda que considerábase que era interesante porque estabamos falando de implementar unha liña de axudas, pero quedaría en todo caso ao seu criterio como facelo e que dotación darlle, etc, etc..

En todo caso, agradecer o apoio de todos os grupos; pensamos, reitero, como xa dixen, que é un problema que hai que empezar a abordar –este é un primeiro paso- e seguramente despois haxa que facer máis traballo, non só por parte desta deputación, senón por parte de todas as Administracións públicas para intentar atallar un problema do que non fomos conscientes ata tempos máis ben recentes. De momento nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, si, de novo. Non sei señor Rosendo, o señor Rosendo di que se trata dun problema de saúde pública; pero por outro lado di que non se debe pagar aos particulares as medicións e as observacións que se podan facer para ver se na súa vivenda ou no seu entorno puidera haber radón. Non sei terei que darlle un par de voltas ao tema, pero si en vez de ser un problema de radiación, fose un problema bacteriolóxico ou vírico; se de repente houbera sospeitas que en determinada zona existe un virus perigoso ou unha bacteria perigosa, imaxino que as autoridades sanitarias tomarían una iniciativa en facer elas as medicións e as comprobacións e non lles dirían aos particulares que contratasen a un laboratorio para que comprobaran si na súa bodega ou na súa casa habería esa bacteria ou ese virus. Non sei, téñolle que dar algunhas voltas ao tema. Ou é un tema de saúde pública, ou é un tema de saúde privada entón. Porque a proposta do BNG, ata certo punto, nos parece lóxica; tampouco é claro que sexa a Deputación a que teña que asumir esas competencias, refírome que os particulares merecen ou teñen dereito a que as institucións sanitarias comproben se nas súas contornas teñen ese problema que, tal e como dixo a portavoz do Partido Popular, é un problema co que vimos convivindo desde fai séculos. Creo que xa dixen, nunha moción semellante da que falamos no Concello, hai unha hipótese que a famosa morriña galega –seguramente o leron tamén vostedes nalgún sitio- que tiñan os nosos devanceiros cando viaxaban, cando emigraban polo mundo, era froito dunha adición inconsciente ao radón; aínda que o radón sensorialmente non o podemos percibir, como dixo o señor Rosendo, non cheira, pero dalgunha maneira respirámolo, respiramos sobre todo esas partículas alfa e iso provoca –é unha hipótese xa digo, non sei ata que punto ten

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

credibilidade política; o señor Rosendo que é médico igual sabe algo máis do tema- segundo dicían provocaba unha adición inconsciente e é o que lle chamabamos a morriña, o que lle chaman a saudade os portugueses. Non sei se iso é verdade.

En todo caso, reiterar o noso voto a favor e tamén entender que era acaída ou tiña certa lóxica incluso o punto da arde do día que di o portavoz do BNG do que se descolgan; pero bueno, esa era unha reflexión para facer. Nada máis. Grazas.

D^a. Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do Partido Socialista, nós, como xa anunciamos, vamos a votar a favor e agora aceptou o BNG a proposta, polo cal vamos a votar a favor. pero eu só quero reiterar que é un tema de saúde pública, é necesaria información porque aquí ven os datos dun informe que di que existen seis concellos na provincia de Ourense que superan amplamente ás directrices marcadas de nivel europeo. As directrices marcan 300, pero é máis, hai informes que xa din que o normal serían 100. Solo mirar que esta Directiva, como xa dixeron, entra en vigor o ano que vén, pero entra en vigor o 6 febreiro e aínda non se tomaron nin medidas urxentes nin correctivas dunha situación que nos parece moi perigosa e preocupante nesta provincia. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, moitas grazas presidente. Efectivamente, do mapa de radón que fixo a Universidade de Santiago de Compostela xa informa dos concellos que teñen máis incidencia, non é cuestión de enumeralos aquí porque sería un pouco alarmar e, efectivamente, fai precisión ademais das provincias -que son a provincia de Ourense e Pontevedra, incluso en Castela León e Guadarrama- pero hai uns determinados concellos que parece ser que as medicións que fixeron teñen máis concentración de radón. Efectivamente, informar, informar é un principio básico de saúde pública. Segundo, a Deputación señor Armando debe de ser quen asuma e por iso temos o primeiro punto: un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para que se poidan adherir todos os concellos. Pero non debe ser só a Deputación, a Deputación ten as súas responsabilidades e por iso quere sumarse ao Programa de Cooperación con menos de 20.000 habitantes da Universidade de Santiago de Compostela. ¿De acordo?

Polo tanto, nós acordamos os dous primeiros puntos que temos do Convenio e sumámoslle o segundo punto do BNG, en canto que é implicar tamén ao Departamento de Prevención de Riscos Laborais desta Institución.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e do debate transcrito despréndese a votación conxunta nun único texto, que conformarían os puntos 1 e 2 da moción orixinaria do Grupo Popular e engadiríase como punto 3º o punto 2º da moción orixinaria do BNG, polo que se somete a votación o texto que se desprende do debate realizado e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Crear un programa de cooperación para os concellos da provincia de Ourense, de menos de 20.000 habitantes, interesados no control e eliminación do gas radon nas súas instalacións.

2º.- Que o goberno provincial, en convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, realice os estudos necesarios para controlar e erradicar o gas radon nos concellos adscritos previamente ao programa de cooperación.

3º.- Que polo departamento de Prevención de Riscos Laborais da Deputación se elaboren informes periódicos sobre a posible presenza de gas radon nos edificios provinciais e a exposición dos traballadores/as a este gas e que se adopten, se é o caso, as medidas oportunas para reducir os seus niveis.

13º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

14º.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de xuño de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de abril e 1º de maio de 2017.
- Deputado delegado de Facenda: mes de xuño de 2017 e dos seguintes adicionais: 1º de maio de 2017.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xuño de 2017.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

xuño de 2017.

Os membros da Corporación quedan informados.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

Sr. presidente: si BNG.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Teño tres cuestións, poden ser entendidas como rogo ou como pregunta. A primeira delas é reiterada xa nos últimos plenos. É a terceira vez que traemos a este Pleno o tema do que está a acontecer co servizo de limpeza Estendinme máis polo miúdo no anterior, falamos de mobbing, falamos de esconder o carro, e agora tamén falamos de queimar a etiqueta identificativa dunha *taquilla* (como teño eu aquí nunha foto, non se ve moi ben pero hai unha foto que constata o feito) o cal nos parece moi grave. Temos que advertir Sr. presidente que ou toman cartas no asunto ou iremos directamente ao xulgado para denunciar a pasividade súa nun caso tan grave como é o do acoso laboral. Non sei se ten algo que comentarme ao respecto.

Sr. presidente: tomar nota do seu rogo e que conste en acta o que acaba de dicir.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas. A segunda pregunta é a respecto das canceiras. Gustaríanos saber cantos animais se entregaron en adopción o ano pasado e cantos se sacrificaron e por qué, tamén no mesmo período.

Sr. presidente: procurarei esa resposta para que por escrito lle sexa entregada á maior brevidade posible.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas Sr. presidente. Para rematar, a respecto dunha noticia que saía hoxe nun diario, sempre respectando, trátase dunha noticia sobre o alcalde de Xunqueira, que parece ser que foi detido e tivo que prestar declaración e despois quedou en liberdade. Respectando, como non pode ser doutra maneira, a presunción de inocencia e agardando a que a xustiza se pronuncie, temos que dicir que o alcalde de Xunqueira leva moitos anos flirteando coa xustiza por diversos casos, nos que a súa xestión pública e privada foi obxecto de controversia (taller de costura, canteira, tema de transporte, foi inhabilitado quince meses por falsidade documental, foi denunciado por prevaricación por un veciño aínda que logo chegou a un acordo e retirou a denuncia e nas canteiras non se puido demostrar que eran súas e pagounas todas o capataz municipal, na súa empresa de autobuses existen numerosos impagos a condutores desde hai anos e ao final

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

acaban marchando sen cobrar, algúns portugueses que de vez en cando veñen por aquí a reclamar e a facer pintadas no muro enfronte do concello). Gustaríanos saber a respecto de todo isto, da noticia que como digo saía hoxe no periódico, nun xornal, se ten algunha valoración que facer. Moitas grazas.

Sr. presidente: a valoración é o respecto ao estado de dereito e á presunción de inocencia. Eu falei con el persoalmente e nega absolutamente todo aquilo que parece ser se desprende dos informes que vimos hoxe todos publicados. Si.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: bos días a todas e a todos. Eu quería facer dous rogos. Un quero explicalo ben para que non se interprete esa independencia municipal da que sempre fala Plácido e que eu teño respectado ata onde eu sei case sempre, pero tamén é certo que eu moitas outras veces, na miña condición de portavoz, pois, tiña posto en cuestión o que acontecía cun concello en concreto, polas subvencións que se lle daban. Quero dicir isto porque, fágolle un rogo ao Sr. presidente porque non creo nin que estea ao tanto, nin o ten que estar, tamén o digo, supoño. Pero gustaríame que se fixera un seguimento cos prazos e con todo o que leva consigo, e digo isto sabendo que os plans provinciais son cuestións digamos que non teñen que cinguirse escrupulosamente aos prazos e demais, incluído o Concello de Ribadavia que pediu por exemplo unha prórroga, non é unha cuestión que non sexa así, e nos entendemos que ten que ser así porque son cuestións que non están vinculadas a ningunha concorrencia competitiva e polo tanto eu creo que non debería haber ningún problema. Iso na maioría dos casos, o que ocorre, por iso lle rogo que tome cartas no asunto e que vexa ben o expediente. O que ocorre, e así se me informa a min, é que con respecto ao plan provincial que pide o Concello de Melón, á parte de non cumprir os prazos, que iso xa digo, pode ser interpretado á hora de que o Sr. presidente pode, como facemos habitualmente, pode ser unha cuestión que non ten que ser cinguida escrupulosamente, alí o que se soe utilizar é moitas veces as subvencións para, dalgunha forma, trasladar a impresión, ou dar a impresión, ou facelo habitualmente, de que alí mandan quen manda e todo aquel que lle ofrece resistencia política, pois se utilizar para facerlle chantaxes, para manipular, para incluso facer cuestións que non teñen nada que ver co obxecto ao mellor dunha obra pública. Iso é o que están sufrindo algúns veciños que nalgún momento pois lle plantan cara ao que era o anterior alcalde de Melón. Agora todos sabemos que segue exercendo na sombra e que vostedes permiten habitualmente, porque o sabe creo que toda a sociedade e só hai que chamar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

ao concello para ver quen colle o teléfono e dicir que é o alcalde, por poñer un exemplo. Eu non vou entrar nesas cuestións, é unha cuestión que desde logo alguén terá que entrar algún día. Pero o que si é verdade, por iso lle pido ese rogo, de que antes de que teña un problema esta casa, o digo, polo tema cando as cousas se levan de boa fe pois non hai ningún problema, pero cando aos veciños se lles están facendo falcatuadas, pois ao mellor non é bo para a institución. Eu lle aseguro que tome nota deste rogo. Porque noutras veces que lle teño dito o que acontece, pois alí soen acontecer cousas moi raras, e como me dicía algunha vez un deputado de vostedes que xa non está aquí: home, esas cousas hai que dicilas Nacho, porque a verdade é que non se deberían de permitir., polo tanto tome cartas no asunto, porque lle aseguro que se está intentando coaccionar á xente con este tipo de cousas. Outro rogo que lle quería facer é o seguinte: vostede o outro día tivo unha reunión con parte dos integrantes da ruta do viño do Ribeiro, saíu anunciando que lle ía dar unha subvención de 30.000 euros, que me parece ben, o Concello de Ribadavia tamén forma parte, nos non temos ningún inconveniente, é máis , eu xa sabe que eu non solo vir ás reunións aínda que sexa a parte máis afectada, porque ao final somos os que levamos esa parte digamos institucional desde o Concello de Ribadavia. Pero o que me rogan desde a propia ruta do viño é que lles faga chegar algún tipo de documento, aínda que sexa un compromiso, deses trinta mil euros, porque sabe vostede a problemática que temos, e polo tanto é o que piden para, precisamente, facerlle fronte a algunha cuestión. Non se se o fixo xa, a min trasládanme onte que non, e se o fixo pois estupendo e se non pois ese rogo que quede aí. Nada máis.

S. presidente: tómase nota dos dous rogos. Algún outro rogo ou pregunta. Si.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista: ben, vou explicar en que se basea a pregunta. O 28 do 3 do 2016, unha moción que se tratou aquí, por urxencia, do Partido Socialista, era sobre as vías do AVE, a resposta do deputado de Cooperación que leva ese tema, naquel momento, a intervención que tivo foi, palabra textuais: chegamos a o acordo de que aos concellos afectados nas vías locais, daráselles asesoramento técnico e xurídico. Técnico para facer a avaliación dos danos das estradas, para facer os proxectos do arranxo desas estradas, e xurídico para que, se non se produce o arranxo desas estradas nun prazo de seis, sete meses, proceder á vía xudicial. Iso foi no que quedamos. Tamén ven dicir unha reunión con ADIF, a resposta de ADIF e do ministerio foi positiva. Polo tanto, á vista de que hai xa máis dun ano ¿en qué momento do proceso xudicial nos atopamos neste momento?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2017

Sr. presidente: ben, pois conseguirei a información oportuna e lle será distribuída por escrito. ¿Algunha cuestión máis? Se non hai levántase a sesión. Moitas grazas e bos días.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo quinto](#)

E, ás 13.00 horas do día vinte e oito de xullo do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,